




MANUAL DIVULGATIVO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA





MANUAL DIVULGATIVO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA



EQUIPO REALIZADOR

AUTOR / DIRECTOR

AEIGA
AESGAL
AGACA
CEGASAL
ESPAZOCOOP

EDITA

FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Depósito Legal: C 1004-2019


DESEÑO, MAQUETACIÓN E PRODUCCIÓN

ENCAJA Gestión de Recursos Gráficos S.L.L.

MANUAL DIVULGATIVO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

Sumario

Manual Divulgativo da Economía Social en Galicia
Foro pola Economía Social Galega




SUMARIO

Introdución	11
INTRODUCCIÓN	13
ECONOMÍA SOCIAL: PANORÁMICA GLOBAL	14
ECONOMÍA SOCIAL: PANORAMA NACIONAL	16
O CASO GALEGO	17
QUE É O FORO POLA ECONOMIA SOCIAL GALEGA?	19
QUE OBOECTIVOS PERSEGUE?	20
Entrevistas	21
AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias)	23
AIRA, S. Coop. Galega	25
TERRAS DA MARIÑA, S. Coop. Galega	27
CONDES DE ALBAREI, S. Coop. Galega	29
ESPAZOCOOP Unión de Cooperativas Galegas	31
XEDEGA, S. Coop. Galega	33
MENDIÑO, S. Coop. Galega	35
CULTURACTIVA S. Coop. Galega	37
COOPERATIVA DE ARMADORES DO PORTO DE VIGO	39
S. Coop Gallega RÍA DE AROSA	40
CONSUMO CONSCIENTE ÁRBORE, S. Coop. Galega	41
MERCADO DE ABASTOS, S. Coop. Galega	42
UCOGATRA (Unión de Cooperativas Galegas do Transporte)	43
HERTRANS, S. Coop. Galega	44
SALGUEIRIÑOS DE VIVENDA, S. Coop. Galega	45
MONTE DO CORGO, S. Coop. Galega	46

AEIGA (Asociación de Empresas de Inserción de Galicia)	47
PROPERDIS, Empresa de Inserción Laboral, SLU	49
CORMO INTEGRAL E.I.L. (Entidade de Inserción Laboral)	50
CEGASAL (Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro)	51
HORNOS LAMASTELLE S.A	53
TRAMEVE, S. Coop. Galega	54
AESGAL, Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia	55
ANIMOSA, S.L.L.	57
10D10 SOLUCIÓNS ACERTADAS, SLL	58
FUNDACIÓN JUANA DE VEGA	59
FUNDACIÓN “TERRA DE TRASANCOS COOPERATIVA DO VAL”	60
FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES	61
CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA	62
COMUNIDADE DE MONTES DE VILAPENA	63
SAN ANTONIO, SAT	64
SAN MIGUEL, SAT	65
COORDINADORA GALEGA DE ONG PARA O DESENVOLVEMENTO	66

Introdución

Manual Divulgativo da Economía Social en Galicia
Foro pola Economía Social Galega



INTRODUCCIÓN

O presente manual enmárcase no programa de actuación 2018 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo o é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social.

A economía social engloba un conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo entidades que perseguen, ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos os dous, mostrándose día a día como un actor fundamental no desenvolvemento da sociedade actual.

Ao longo do último cuarto do século pasado desenvóléronse unha considerable cantidade de entidades -asociacións, centros especiais de emprego, cooperativas, empresas de inserción laboral, comunidades de montes veciñais en man común, confrarías, fundacións, mutuas, organizacións sen ánimo de lucro e sociedades agrarias de transformación- que contribuíron a resolver problemas de importancia social e interese xeral relacionados co desemprego cíclico, cos desequilibrios territoriais e do ambiente rural, coa descompensación do poder entre organizacións de distribución comercial e os consumidores etc.

Non hai dúbida de que desde o final do século XX houbo un interese significativo en Europa, pero non só nela, polas entidades da economía social, tanto desde a óptica empresarial alternativa ás sociedades de capital, como por outras fórmulas do sector, como asociacións, fundacións etc.

O motivo non é outro que recoñecelas de forma aberta e pública como solucións satisfactorias para problemas tan sinalados e significativos nas nosas sociedades coma o desemprego masivo de longa duración e a falta de emprego inclusivo, a exclusión social, o benestar no medio rural e nas áreas urbanas degradadas, a sanidade, a educación, a calidade de vida, o crecemento sustentable etc.

É por iso que destacamos o importante crecemento experimentado en Europa nas últimas décadas polo conxunto de entidades da economía social, co potencial de cumprir salientables obxectivos como a creación e mantemento do emprego e a corrección de marcados desequilibrios económicos e sociais.

Cómpre destacar a colaboración e achegamento entre as distintas tipoloxías das entidades da economía social para o desenvolvemento de proxectos e actividades; non é alleo a isto o eido lexislativo, con iniciativas que se veñen producindo en Europa, en España e, destaquémosto, en Galicia.

A definición conceptual máis recente da economía social, establecida polas súas propias entidades, é a da Carta de Principios da Economía Social promovida pola Conferencia Permanente Europea de Cooperativas, Mutuas, Asociacións e Fundacións (CEP-CMAF), institución europea representativa destas catro familias de entidades de economía social. Os principios en cuestión son:

- Primacía da persoa e do obxectivo social por riba do capital.
- Adhesión voluntaria e aberta.
- Control democrático exercido polos seus membros (non afecta ás Fundacións, dado que non teñen socios).
- Combinación dos intereses dos membros usuarios e/ou do interese xeral.
- Defensa e aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade.
- Autonomía de xestión e independencia respecto dos poderes públicos.
- Utilización da maioría dos excedentes para a consecución de obxectivos a favor do desenvolvemento sustentable, de servizos de interese para os membros e do interese xeral.

ECONOMÍA SOCIAL: PANORÁMICA GLOBAL

No panorama político e legislativo global sobre a economía social, e empezando pola Unión Europea, hai numerosos ditames e informes tanto da Comisión coma do Parlamento Europeo que destacan a importancia do conxunto da economía social, cuxo principal motor non é a rendibilidade financeira, senón os beneficios para toda a sociedade, contribuíndo a un modelo económico sustentable onde as persoas son máis importantes que o capital e que destaca un modelo de empresas que non se caracteriza polo tamaño ou polo sector de actividade, senón polo respecto de valores comúns coma os xa sinalados.

As entidades con maior peso e tradición no ámbito da economía social, e referentes nos valores do conxunto da mesma, quizais sexan as cooperativas. Contan con organizacións representativas nacionais e internacionais, como a Alianza Cooperativa Internacional (ACI), cuxa mensaxe no Día Internacional das Cooperativas –do 6 de xullo de 2018– quixo deixar en evidencia que “ao dar a maior prioridade ás necesidades humanas, as cooperativas responden ás crises actuais de sustentabilidade e ofrécennos unha forma distinta do valor compartido. Unha cooperativa é, sinxelamente, unha busca colectiva da sustentabilidade que intenta optimizar os resultados de varias partes interesadas en vez de maximizar as ganancias dunha delas”; en definitiva, deixar en evidencia que é un erro considerar o resultado financeiro como o indicador central da boa empresa.

Nas empresas da economía social converxen diferentes parámetros coma o social, o económico e o financeiro, xerando riqueza social, non só financeira. É dicir, existe un estreito vínculo entre asuntos económicos e sociais sen subordinación dun aspecto sobre o outro.

As características deste sector permítenlle afrontar as demandas, retos e desafíos da sociedade e da economía mundial, adaptándose especialmente ás situacións de crise. Todas as persoas poden beneficiarse das vantaxes que a economía social proxecta sobre a sociedade, o territorio e a realidade económica. En particular, o colectivo de persoas emprendedoras ten á súa disposición unha forma interesante de levar a cabo o seu proxecto e crear o seu propio emprego.

Así mesmo, cómpre lembrar que a ONU declarou o ano 2012, por primeira vez na historia, coma o Ano Internacional das Cooperativas, considerando o modelo cooperativo como un importante factor de desenvolvemento social e económico.

Neste senso, destacamos pola súa relevancia o Informe sobre Economía Social da Comisión de Emprego e Asuntos Sociais do Parlamento Europeo de 2009 (Informe Toia) que, entre outros aspectos, considera a economía social como axente clave para o logro dos obxectivos de Lisboa e establece os medios necesarios para acadalos, dando unha visibilidade institucional clara á realidade da economía social e instando a decidir que políticas poden ser determinantes para axudar a este sector, como, por exemplo, establecer clarificacións conceptuais e estatísticas ou fomentar programas europeos que a favorezan.

O Informe Toia salienta que a economía social, que conxuga rendibilidade e solidariedade, desempeña un papel esencial na economía europea ao permitir a creación de empregos de calidade, o reforzo da cohesión social, económica e territorial, a xeración de capital social e o fomento da cidadanía activa e da solidariedade, xunto cun tipo de economía con valores democráticos que sitúa á persoa nun lugar preferente, ademais de apoiar o fomento do desenvolvemento sustentable e da innovación social, medioambiental e tecnolóxica, fortalecendo a democracia industrial e económica.

Pola súa banda, o Comité Económico e Social Europeo (CESE) publicou numerosos informes e ditames sobre a contribución das empresas da economía social ao logro de diversos obxectivos da política pública. Entre os últimos ditames de iniciativa e exploratorios do CESE inclúese: un sobre a variedade de formas de empresa, que recoñece a importancia da economía social na construción de Europa; un sobre a economía social en América Latina (o ditame de Cabra de Luna, 2012), que estuda o papel da economía social no desenvolvemento local e a cohesión social, e un sobre o emprendemento social e as empresas sociais. A consulta da Comisión propiciou a aprobación por parte do CESE de ditames sobre a Iniciativa a favor do emprendemento social (Ditame Guerini, 2012) e a Proposta de Regulamento sobre os fondos de emprendemento social europeos (Ditame Rodert, 2012).

Podemos observar que o auxe da economía social, no seu concepto moderno, tivo tamén o seu recoñecemento nos círculos políticos e xurídicos nacionais e europeos. En España, coma noutros países de Europa, economía social é un termo que se incorporou tamén á lexislación. En 2011, España converteuse no primeiro país europeo en aprobar unha Lei de Economía Social –como xa comentaremos máis adiante– tanto no referente ao ámbito estatal como ao autonómico, no que singulamente destaca a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa norma foi aprobada en maio de 2016.

Aínda tendo en conta o auxe mencionado no parágrafo precedente, temos que destacar o sinalado no último informe do CESE (Evolución recente da Economía Social na Unión Europea, 2017):

"Acometéronse esforzos nas administracións europeas e nacionais para mellorar a dimensión cognitiva e a participación da sociedade civil, por exemplo as Conferencias Europeas organizadas polas Presidencias do Consello da Unión Europea ou no marco dunha Presidencia, os sucesivos ditames do CESE, as iniciativas e as opinións do Intergrupo de Economía Social do Parlamento Europeo e, nalgúns casos, as do Comité das Rexións, ou as da propia Comisión.

A última iniciativa, adoptada en Madrid (23 de maio de 2017), foi a aprobación da «Declaración de Madrid», que logrou unha grande repercusión nos medios de comunicación e nas redes sociais. Con todo, para que aumenten a visibilidade e a receptividade sociais, é necesario o paso dunha contorna a grande escala (nivel macro) a unha a pequena escala (nivel micro). Ademais, deste xeito, o tecido social das sociedades, o seu capital social de redes, convértese nun factor clave.

Tal e como indicaron informes anteriores, os programas europeos en virtude do Fondo Social Europeo lograron un amplo efecto de estruturación, tanto a nivel nacional como internacional, en canto a adhesión e reforzo da economía social europea en termos de federacións, redes, investigación, cultura e políticas. Por outra banda, os fondos e programas da UE deben facer fronte a considerables dificultades para que as redes locais poidan acceder a eles.

Outra cuestión é a visibilidade e o recoñecemento da definición do concepto de ámbito da economía social. O despregamento periódico de «neoconceptos» tampouco axuda. Na década de 1970, a multitude de termos relacionados coa economía social incluía o terceiro sistema, a sociedade civil e o non ánimo de lucro. No contexto da crise económica xurdiu unha nova onda de conceptos, como empresas sociais, economía colaborativa e economía do ben común. É preciso facer fincapé en que estas cuestións enmascaran non só unha falta de consenso sobre a designación que debe utilizarse, senón tamén unha política oculta para non avanzar neste campo".

É dicir, non podemos perdernos en discusións estériles e improdutivas, salvo doutrinalmente, de conceptos conexos -aínda que todos son moi respectables e interesantes- e finalidades do que cada cal considere que é o fenómeno da economía social, isto é, nos denominados conceptos emerxentes como son: non lucrativo, terceiro sector, sector da sociedade civil e o voluntariado, responsabilidade social das empresas e cidadanía corporativa, empresas sociais, innovación social, economía circular, economía colaborativa etc.

Agora ben, tal e como significa o informe do CESE, aínda non se puxo en marcha, pois espérase unha política orzamentaria europea especificamente destinada á economía social. A Declaración de Madrid, do 23 de Maio de 2017, segue reclamándoa.

ECONOMÍA SOCIAL: PANORAMA NACIONAL

Podemos afirmar que España está entre os países que outorgan un recoñecemento especial a economía social. Resulta singularmente recoñecida polos poderes públicos, por axentes privados e polo propio sector. De feito, é o primeiro país europeo en dotarse dunha Lei estatal da Economía Social.

- A Confederación Española da Economía Social (CEPES) é a máxima institución representativa da Economía Social en España, constituíndose como unha plataforma de diálogo institucional cos poderes públicos. Os seus 26 socios representan os intereses de máis de 43.000 empresas de España –o 12,5% do emprego–, cunha facturación en torno ao 10% do PIB. Os seus socios, con máis de 200 estruturas autonómicas, son organizacións nacionais ou autonómicas e grupos empresariais que representan os intereses de cooperativas, sociedades laborais, mutualidades, empresas de inserción laboral, centros especiais de emprego, asociacións e confrarías de pescadores.
- A nivel de Europa, dende CEPES estase impulsando unha grande entidade aglutinadora da Economía Social: Social Economy Europe (SEE). Pretende ser a organización de referencia da economía social na Unión Europea e defender os seus intereses ante as institucións comunitarias. A nivel da Unión, a economía social constitúe un conxunto empresarial que supón o 10% das empresas, é dicir: 2 millóns de empresas que xeran máis de 14,5 millóns de empregos. SEE lidera a promoción da economía social ante o Parlamento Europeo e a Comisión da Unión Europea a través de foros de traballo e de intercambio en Bruxelas.

En España, a Lei estatal 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social, definiu o concepto e concretou os seus principios orientadores, configurando un marco xurídico de aplicación no conxunto do Estado. Como sinala no seu preámbulo, ten por obxectivo básico configurar un marco xurídico que, sen pretender substituír a normativa vixente aplicable a cada unha das entidades que conforman o sector, supoña o recoñecemento e mellor visibilidade da economía social, outorgándolle unha maior seguridade xurídica por medio das actuacións de definición da economía social e establecendo os principios que deben contemplar as distintas entidades que a forman. Partindo destes principios recóllese o conxunto das diversas entidades e empresas que contempla a economía social.

Cómpre destacar que a norma recoñece como tarefa de interese xeral a promoción, estímulo e desenvolvemento das entidades que conforman a economía social e sinala os obxectivos que os poderes públicos deben ter presentes á hora de abordar a súa política de promoción

A Lei Estatal, no Artigo 5, considera que forman parte da economía social:

- as cooperativas
- as mutualidades
- as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica
- as sociedades laborais
- as empresas de inserción
- os centros especiais de emprego
- as confrarías de pescadores
- as sociedades agrarias de transformación
- as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no Artigo 4 da Lei.
- así mesmo, poderán formar parte da economía social aquelas entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan aos principios enumerados na Lei, e que sexan incluídas no catálogo de entidades

O CASO GALEGO

Ao significar as entidades que forman parte da economía social, a Comunidade Autónoma ten unha ampla marxe discrecional, sempre respectando eses principios de orientación básicos; máis aínda tendo en conta que as entidades reguladas no Artigo 5 da Lei Estatal non son *numerus clausus* e que unha norma estatal básica non pode esgotar nin impedir o exercicio das competencias autonómicas exclusivas.

Galicia non é allea a esta actividade de fomento e ten realizado un importante esforzo de promoción a través de múltiples programas e iniciativas entre os que destaca nos últimos tempos a creación da *Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social*.

Porén, a situación actual demanda reforzar a aposta de futuro pola economía social e dar un salto cualitativo que permita dar visibilidade ao sector en toda a súa amplitude e que recoñeza especificamente as importantes achegas que realiza á sociedade, así como as oportunidades de mellora económica e social que ofrece.

En Galicia, segundo informa a Subdirección Xeral de Economía economía social Social (en decembro de 2017) representa:

ECONOMÍA SOCIAL (ES) EN GALICIA	Entidades	Volume con respecto do total da ES
Sociedades cooperativas galegas	1.309	12,62%
Sociedades Laborais	1.663	16,04%
Centros Especiais de Emprego	106	1,02%
Empresas de Inserción	12	0,12%
Confrarías de Pescadores	63	0,61%
Sociedades Agrarias de Transformación	840	8,10%
Fundacións e asociacións con actividade económica	3.322	32,03
Mutualidades	3	0,03%
Comunidades e mancomunidades de montes	3.503	29,44%
TOTAL	10.371	

Supón unha boa ocasión para poñer en valor este sector económico e dotalo da relevancia que a súa presenza na sociedade galega, merece.

A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, ten como obxecto establecer unha regulación específica para o conxunto de entidades que integran a economía social en Galicia, con pleno respecto á distinta normativa aplicable a cada unha delas e ao marco xurídico común de carácter estatal establecido pola Lei 5/2011, de 29 de marzo, da economía social.

Coa Lei galega recoñécese o importante papel destas entidades para un desenvolvemento equilibrado e sustentable, promovéndose o seu desenvolvemento e o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios.

En relación ao seu concepto, a nosa Lei dispón que a economía social identifica ao conxunto de actividades económicas e empresariais realizadas por entidades de carácter privado que se rexen polos principios nela definidos e que perseguen o interese colectivo dos seus integrantes, o interese xeral económico ou social, ou ambos os dous.

A elaboración dunha lei galega de economía social achega solucións ao complexo panorama socio-laboral, constituíndo un estímulo de primeira orde para a dinamización do autoemprego e do emprendemento enraizado no territorio e que ten como protagonistas ás persoas: é dicir, para a creación de emprego, riqueza, equidade e benestar social.

Permitirá, ademais, integrar o sector, ata o de agora disperso, e situalo nun plano de participación institucional que abra canles de interlocución que permitan mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e de benestar social, tendo en conta que o sector achega un modelo de desenvolvemento económico e social equilibrado e sustentable.

A norma facilitará a concreción dos obxectivos das políticas de promoción que permitan aglutinar esforzos e incentivos para o desenvolvemento do sector, en xusta correspondencia ás achegas que o sector realiza ao conxunto da sociedade.

A falta de normativas autonómicas outórgalle, ademais, un carácter pioneiro que pode reforzar o seu alcance e contribuír a mellorar tanto a visibilidade do sector como o esforzo da Xunta de Galicia a prol do seu desenvolvemento.

A propia Lei estatal invita ás comunidades autónomas a regular o sector dentro do ámbito competencial que lles corresponde. Trátase, pois, dun camiño que máis tarde ou máis cedo cómpre recorrer, dado que alcanzará maior seguridade xurídica a través dunha mellor e máis completa definición e adaptación á realidade galega.

Supón, así mesmo, unha magnífica ocasión para coordinar as políticas sectoriais que gardan relación máis ou menos directa, co fomento do cooperativismo e a economía social e que están atribuídas aos distintos órganos da administración, procurando un marco de relación e coordinación de carácter estable e con proxección de futuro, evitando disfuncións e incoherencias

Un ámbito de regulación amplo e que vai desde a simplificación e mellora de trámites administrativos á mellora na participación institucional a todos os niveis: desde a incorporación aos plans de estudos ata a participación na articulación do desenvolvemento rural, pasando polo impulso que a economía social pode chegar ás políticas en materia de dependencia, de integración social e do acceso ao I+D+i, sen esquecer os da necesaria eliminación de barreiras artificiais que lastran o desenvolvemento da economía social.

Sen dúbida, a aprobación da Lei 6/2016 supón un avance na promoción da economía social e no seu recoñecemento institucional, pero os seus efectos non poden quedar constrictos á súa mera existencia, se non vai acompañada doutras medidas.

Entre os contidos da Lei galega de economía social pódense citar sinteticamente as seguintes temáticas:

- Elaboración do *catálogo galego de entidades de economía social* que, tendo en conta a nosa realidade, engloba a todas aquelas entidades que no ámbito da comunidade autónoma poden considerarse comprendidas dentro da definición efectuada pola lei. Nel intégranse, inicialmente, as seguintes entidades:
 - As sociedades cooperativas galegas e as súas asociacións, as mutualidades, as fundacións, as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación, as comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, así como outras entidades que se considere oportuno á vista do análise da realidade galega, que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos na Lei.
 - A Xunta de Galicia manterá actualizado o catálogo dos diferentes tipos de entidades integrantes da economía social, de xeito coordinado coa catalogación elaborada pola Administración do Estado.
- Definición do marco galego de participación institucional das entidades da economía social que se articula ao redor do Consello da Economía Social de Galicia, respectando o marco competencial do Consello Galego de Cooperativas, cun dobre obxectivo:
 - En primeiro lugar, a creación dun órgano consultivo específico que permita aglutinar ao conxunto do sector para posibilitar unha interlocución de carácter estable coa administración autonómica e con outros axentes institucionais en todos os asuntos que lles afecten. Perséguese un medio no que o sector público e as entidades de economía social se relacionen entre si e compartan reflexións, inquietudes, problemas e decisións.
 - En segundo lugar, posibilitar a participación dos representantes do sector nos órganos consultivos de carácter xeral, en particular o futuro órgano derivado da confluencia do Consello Económico e Social e do Consello Galego de Relacións Laborais, así como nos creados especificamente para a participación institucional na definición de políticas activas de emprego e de desenvolvemento nos planos económicos e sociais.
- Concreción de medidas de promoción, de fomento e de difusión da economía social, prestando especial atención ao seu papel dinamizador do emprendemento e da creación de emprego.
- Atribución de recursos e liñas de financiamento específico para incentivar o desenvolvemento da economía social en Galicia e mellorar a súa visibilidade.
- Promoción da elaboración de ferramentas de contabilidade social que permitan avaliar e poñer en valor as achegas do sector á sustentabilidade social e ambiental.

- Introducción de cláusulas de carácter social que, tendo en conta as características e valores da economía social, favorezan a súa participación na contratación pública e permitan avaliar adecuadamente as súas achegas e contribucións á sociedade.
- Estímulo do traballo en rede e colaborativo para o desenvolvemento da economía social, promovendo a participación das entidades locais, universidades e outras entidades. Recoñecemento da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e impulso da súa consolidación e da realización de actividades no marco do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, que regula a súa creación e funcionamento.
- Remoción de obstáculos e barreiras que impidan o inicio e desenvolvemento de actividades económicas por parte das entidades de economía social, a través da modificación da normativa de ámbito autonómico.
- Simplificación de trámites administrativos para a creación de entidades de economía social, en particular incorporando solucións baseadas nas tecnoloxías da información e as comunicacións.
- Introducción da formación en materia de economía social nos plans de estudos das diferentes etapas educativas e, en particular, nos niveis previos ao acceso ao mundo laboral e na formación para o emprego.
- Integración das políticas de fomento da economía social coas desenvolvidas nas áreas de desenvolvemento rural, emprendemento económico, prestación de servizos sociais, dependencia e integración social.
- Debemos recoñecer tanto cuantitativa como cualitativamente a importancia da economía social no seu conxunto en Galicia, e a súa achega á necesaria sustentabilidade da nosa contorna económica, así como a súa atención ás necesidades sociais mediante as prestacións de servizos oportunos e a súa contribución á creación e estabilidade do emprego e a unha mellor distribución da riqueza, poñendo en valor os principios de democracia, participación e solidariedade nas súas estruturas internas.

QUE É O FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA?

O Foro pola Economía Social Galega naceu en Santiago de Compostela o 19 de xaneiro de 2018 como un espazo de encontro que represente a todas as entidades da economía social galega e que busca o desenvolvemento da economía social galega.

As entidades que o compoñen conforman as organizacións máis representativas das diferentes familias da economía social en Galicia:

- *AEIGA, Asociación de Empresas de Inserción de Galicia*
- *AESGAL, Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia*
- *AGACA, Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias*
- *CEGASAL, Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro*
- *ESPAZOCOOP, Unión de Cooperativas Galegas*

O noso manifesto constitucional indica:

- As entidades que compoñemos Foro recoñecemos como parte significativa do sector da economía social en Galicia e aceptamos os principios, valores, ética e formas específicas de funcionamento e gobernanza das nosas entidades e as que recolle a Lei 6/2016 da economía social de Galicia.
- Considerando que a economía social está feita de persoas, para persoas e coas persoas, é esencial que as accións das entidades que a conforman tomen en conta a afirmación dos valores e principios que as orientan, como son a subordinación das achegas de capital ao traballo e ás persoas, considerándose –a economía social– como un instrumento que garante a viabilidade das organizacións, a distribución da riqueza xerada (para as persoas socias ou para o interese xeral), a solidariedade interna en termos de igualdade de oportunidades e o fortalecemento da democracia institucional e económica.
- A Economía Social constituímos unha realidade de vital importancia para o emprego, para a sustentabilidade e para a distribución equitativa da riqueza, tanto a nivel europeo como estatal e galego.
 - En Europa a economía social implica 13,6 millóns de empregos remunerados, o que representa o 6,3% da poboación activa total da UE-28.

- En España, as empresas da economía social representamos o 10% do PIB e o 12,5% do emprego, con 320.000 postos de traballo. Un 42,8% da poboación está vinculada a unha entidade de economía social, un modelo que aposta polas persoas, xa que o 80% do emprego que xera é estable: contrato indefinido.
- A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, fixa os obxectivos e principios para o fomento, promoción e apoio a este sector e recoñece de interese xeral e social a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades da economía social en Galicia.
 - Ademais de xerar riqueza, distribuímola moito máis que outras organizacións.
 - Destruímos arredor dun 6% de emprego menos que o resto das organizacións.
 - Temos unha maior capacidade de resistencia, permitindo a supervivencia de empresas en crise e xerando 29.000 novas empresas nos últimos oito anos, no Estado.
 - Estamos integradas nun territorio, cohesionando a súa poboación e sendo dinamizadoras na comunidade.
 - Somos especialmente sensibles coa integración laboral das persoas con discapacidade e en situación de exclusión social, co respecto medioambiental e coa redución das desigualdades de xénero.
 - Somos a expresión de novas formas e xeitos de facer empresa, onde o modelo económico sexa sustentable e no que as persoas estean no centro da toma das decisións, cuxo motor principal non sexa a maximización do beneficio, senón a xeración e distribución da riqueza para a sociedade.
- A pesar das importantes cifras que representamos e dos aspectos de interese xeral que achegamos, a Economía Social seguimos a ser unha gran descoñecida para a sociedade en xeral e, en particular, para os principais axentes políticos, económicos, sociais e da comunicación.
- Para que sexa posible un desenvolvemento máis sustentable –económico, social e medioambiental– en Galicia, faise preciso un maior crecemento e fortalecemento das organizacións da economía social, tanto en número como en actividade para así acadar maiores cotas de xeración de emprego e benestar.

QUE OBXECTIVOS PERSEGUE?


Os obxectivos a acadar polo Foro pola Economía Social Galega son:

- Visibilizar a economía social perante a sociedade e os principais axentes económicos.
- Representar os intereses da economía social perante os diferentes axentes políticos, económicos e sociais.
- Xerar condicións para o desenvolvemento das entidades de economía social galega a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública.

Así pois, este MANUAL DE DIVULGACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA quere axudar a visibilizar a nosa Economía Social diante de toda a sociedade coa finalidade de que se sinta partícipe dos seus éxitos e, sobre todo, dos grandes retos que enfrontamos como entidades cun xeito diferente de facer economía e de facer sociedade, atendendo, moitas veces, á poboación máis desprotexida.

Entrevistas

Manual Divulgativo da Economía Social en Galicia
Foro pola Economía Social Galega





José Severino Montes Pérez,
presidente

AGACA
(Asociación Galega de Cooperativas
Agroalimentarias)

AGACA representa ao cooperativismo agrario da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no ámbito da súa conxuntura económica, empresarial e social, como no da dimensión humana e profesional das persoas socias.

NACE EN 1988 como unha entidade sen ánimo de lucro de carácter non governamental a iniciativa de once cooperativas agrarias galegas que decidiron unir esforzos para superar obstáculos comúns.

CRÉASE co obxectivo de converterse nun instrumento imprescindible para o fomento dunhas cooperativas agroalimentarias galegas máis fortes e competitivas redunando así en beneficio para os agricultores e gandeiros galegos.

A filosofía de actuación baséase en establecer mecanismos de diálogo e reflexión en común que permitan acadar solucións conxuntas aos problemas.

INTÉGRANA 91 cooperativas galegas do ámbito agro-gandeiro: viño, mel, leite, vacún, ovino e caprino, ave, porcino, coello, horta, froita, flor, de crédito... Hoxe en día, a práctica maioría ofrece ás súas persoas socias distintos servizos: maquinaria, substitución, subministración, supermercado, tenda agraria, combustibles, fitosanitarios, taller de automóviles...

REPRESENTA ao cooperativismo agrario da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no ámbito da súa conxuntura económica, empresarial e social, como no da dimensión humana e profesional das persoas socias.

Na faceta institucional destaca a súa presenza nos foros onde se tratan os intereses do cooperativismo a nivel

estatal e internacional, ben directamente, ben a través da participación en organizacións representativas a nivel de España (Cooperativas Agro-alimentarias de España) ou da Unión Europea (Comité Xeral Europeo de Cooperación Agraria – COGECA), fomentando o diálogo e a intercooperación entre distintos sectores a todos os niveis.

Adicionalmente, ofrece diversos servizos especializados de formación, información e asesoramento ao cooperativismo agroalimentario de Galicia en múltiples áreas.

ESTRUTÚRASE nunha ampla base social formada polas entidades socias de AGACA que son convocadas anualmente á Asemblea Xeral. Esta –constituída por un representante de cada cooperativa socia– é o órgano supremo da vontade social.

O exercicio do voto é ponderado de 1 a 5 por entidade socia, segundo a relevancia socioeconómica de cada unha.

Reúnese, como mínimo, unha vez ao ano para aprobar a xestión realizada no último exercicio económico e os plans de traballo para o seguinte.

O Consello Reitor nomeado pola Asemblea Xeral elíxese por un período de catro anos. Actualmente intégrano un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoreiro e tres vogais. Estes representantes elíxense de entre os representantes das cooperativas asociadas e pertencentes a diversos sectores.

Por outra banda, tamén existe a figura dos interven- tores de contas que ten como misión principal verificar as contas anuais.

Ademais, hai sete Xuntas Sectoriais: Abastecementos e Servizos; Vacún de carne, ovino, caprino e outras carnes; Gan- dería intensiva (avicultura, porcino e coellos); Froitas e hortaliz- zas; Leite-Derivados lácteos e Viño de interior e Viño de costa.

A nivel operativo, dependendo do Consello Reitor, AGACA conta cun director-xerente que conduce un equipo de técnicos especializados nas distintas áreas de actuación da entidade.

PROXÉCTASE como unha entidade representativa con presenza en múltiples foros:

Un dos seus piares é a participación en Cooperativas Agro-alimentarias, entidade representativa do conxunto das cooperativas do sector en España e da que é membro consti- tuínte. O presidente de AGACA forma parte do seu Consello Reitor en representación das cooperativas de Galicia.

AGACA está presente en varios organismos e mesas de negociación entre as que destacan o LIGAL (Laboratorio In- terprofesional Galego para a Análise do Leite), a I.X.P. Ternera Gallega e o Comité de Certificación de Galega 100%. Tamén, no Consello Galego de Cooperativas, o Foro pola Economía Social Galega, a Mesa do Leite, a Mesa do Viño, a Comisión Territorial de Galicia dos Seguros Agrarios, as Mesas Electo- rais das Denominacións de Calidade de Galicia, a Mesa da Carne e o Clúster Alimentario de Galicia.

PRIORIDADES As súas prioridades son a representación, difusión e defensa dos intereses do cooperativismo agroali- mentario galego.

Integra un colectivo de 91 cooperativas que representan a 28.000 persoas socias, dan traballo directamente ou a tra- vés das súas filiais a máis de 6.000 empregados e emprega- das e facturan anualmente máis de 2.000 millóns de euros.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque as cooperativas traballan polo interese colectivo dos seus socios e do seu contorno rural de xeito democráti- co e participativo, repartindo os beneficios en proporción á actividade cooperativizada, sempre con espírito solidario e participativo.

AGACA promove e defende os valores cooperativos: au- toxuda, auto-responsabilidade, democracia, igualdade e equidade.

Fomenta un modelo económico sustentable, respectuoso co medio ambiente e onde as persoas son máis importantes que o capital.

Porque as cooperativas impulsan a estabilidade laboral e o emprego de calidade no contorno rural, a pesar das espe- ciais dificultades e carencias de infraestruturas que padece o mesmo.

A Asociación participa en múltiples foros onde pon en valor a economía social e a súa proxección tanto entre a sociedade como a nivel económico.





Xosé Manuel López Tellado,
presidente

AIRA
S. Coop. Galega

O noso compromiso é coas persoas, por iso sempre prima o fin social sobre o económico e ademais é unha xestión democrática e participativa.

NACE como cooperativa agraria de segundo grao no ano 2005 e en 2017 apróbase a transformación en cooperativa de primeiro grao e a fusión coas cooperativas Agris, Icos, Cogasar e Coelplan, empezando a súa actividade como unha soa cooperativa o 1 de xaneiro de 2018.

"É un vello soño do cooperativismo gandeiro que se fixo realidade".

CRÉASE porque as cooperativas que estaban a formar parte da entidade de segundo grao viron a necesidade de acometer o proxecto de transformación e fusión para gañar dimensión e ser capaces de afrontar un proxecto industrial lácteo que xerara valor a os socios e socias, sen esquecer tamén que paralelamente ao leite hai quen desenvolve outras actividades ás que a cooperativa ten que ofrecer solucións como é o caso da carne, a horta ou a castaña.

INTÉGRANA A entidade conta con algo máis de 2.500 persoas socias espalladas ao longo de máis de 60 concellos das catro provincias. Suma 14 centros de traballo mantendo todos os que xa viñan desenvolvendo actividade nas cooperativas fusionadas, priorizando a proximidade á persoa socia e, ao mesmo tempo, continuando co cadro de persoal sen cambios significativos.

REPRESENTA Na produción de leite conta con máis de 1.100 ganderías profesionais que producen uns 330 millóns de litros ano e ademais, un número importante de produtores e produtoras de carne e doutras producións agrícolas e gandeiras.

ESTRUTÚRASE No proxecto de fusión acordouse un Consello de 12 membros e ademais un comité de seguimento formado por todos os membros dos Consellos das antigas Cooperativas con funcións de carácter consultivo e informativo.

PROXÉCTASE. Con estas 14 delegacións, a cooperativa ten presenza en practicamente todos os concellos da zona centro e centro-sur da provincia de Lugo e tamén Silleda en Pontevedra e Melide na Coruña, xa que alí se asenta DairyLac, a industria da que somos accionistas maioritarios e na que temos depositadas moitas esperanzas cara ao futuro.

As principais actividades desenvolvidas polas cooperativas están vinculadas aos subsectores gandeiros de leite e carne; ás subministracións; aos servizos de veterinaria, maquinaria, loxística, carburantes, comercialización, ou asesoramento, entre outras.

Fabricamos 200.000 toneladas de pensos e mesturas que se distribúen entre máis de 2.100 explotacións.

O proxecto de Aira baséase nun modelo de integración completo que abrangue moitas áreas de negocio e, como tal, suscita o interese doutras cooperativas. A nosa intención é a de seguir crescendo, tanto a través de integracións como de socios e socias individuais que se acheguen a nós, pero sempre sen poñer en risco o conseguido ata o de agora.

PRIORIDADES A estratexia de Aira pivota sobre tres eixos: garantir a sustentabilidade, valorizar a produción das persoas socias e impulsar a comercialización. Así, unha vez traballadas as melloras nos custos produtivos e apoiándonos na especialización e nas sinerxías centrámonos na valorización da produción dos nosos socios e socias orientándoa á transformación e comercialización.

Queremos seguir crescendo, pero non só a nivel social, senón tamén económico e, de feito, no primeiro ano de funcionamento temos un volume de facturación de aproximadamente 105 millóns de euros, superando amplamente as estimacións que tiñamos feitas, e isto vainos levar a un EBITDA duns algo máis de 3,3 millóns de euros.

A nivel de emprego contamos cun cadro de persoal que integra a 235 persoas traballadoras e estamos aínda en proceso de elaboración dun convenio marco, dado que vimos de cinco situacións distintas e conxugar todo iso non é doado.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Isto é economía social porque o noso compromiso é coas persoas, por iso sempre prima o fin social sobre o económico e, ademais, é unha xestión democrática e participativa.

A aplicación dos resultados económicos vai en función da actividade cooperativizada das persoas socias.





José Cuadrado Oural,
presidente

TERRAS DA MARIÑA
S. Coop. Galega

Destacamos o vínculo coa comunidade local onde -xunto co Pazo de Tovar, Forno de Tovar, e a colaboración co Concello de Lourenzá- creamos a “Ruta da Faba”, unha ruta turística polo Val de Lourenzá.

NACE EN 2014, en Lourenzá (Lugo), pero está integrada por socios e socias de toda a comarca da Mariña Lucense.

CRÉASE por unha vintena de produtores e produtoras de Faba de Lourenzá e Faba Verdina, pola inquietude ante as peculiaridades relacionadas coa produción e comercialización desta leguminosa, así como ante a profesionalización do sector.

Céntrase na xestión conxunta da produción da Faba das explotacións das persoas socias da mesma para, así, poder garantir un Referencial de Calidade Verificable que asegure unha trazabilidade e unha seguridade alimentaria aos nosos clientes -en relación ao uso de fitosanitarios e á Análise dos Puntos Perigosos e Críticos do seu manexo- e ao comercio.

INTÉGRANA doce mulleres, cinco homes e seis sociedades, as cales estas están representadas por tres homes e tres mulleres.


REPRESENTA a aqueles socios e socias de todos os concellos da Mariña de Lugo, que conforman a cooperativa e están amparados pola IXP Faba de Lourenzá.

As decisións tómanse no Consello Reitor e na Asemblea Xeral, sempre entre todos os socios e socias.

PROXÉCTASE con especial incidencia, na zona da Mariña Luguesa, zona que abarca a IXP FABA DE LOURENZÁ. Esta IXP engloba 15 concellos: Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Orol, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove, sendo en Lourenzá, Ribadeo e Mondoñedo onde máis se cultiva esta leguminosa.

PRIORIDADES A xestión da entidade é totalmente transparente, as persoas socias participan activamente na toma de decisións da entidade, teñen acceso aos datos de facturación e a toda a documentación que consideran oportuna; ademais, participan nos labores diarios da cooperativa e púxose en marcha un banco de tempo entre as persoas socias.

ESTRUTÚRASE



POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Terras da Mariña, S. Coop. Galega é unha cooperativa, unha entidade de Economía Social baseada na estrutura e funcionamento democráticos.

A súa actividade desenvólvese atendendo aos principios cooperativos. De todos eles, importantes, destacamos tamén o vínculo coa comunidade local onde -xunto co Pazo de Tovar, Forno de Tovar e a colaboración co Concello de Lourenzá-, creamos a "Ruta da Faba", unha ruta turística polo Val de Lourenzá que percorre os edificios máis emblemáticos do Concello, como o Pazo de Tovar, o Mosteiro de San Salvador, o Centro de Interpretación da Faba e, como non, inclúe unha degustación de Faba de Lourenzá no Forno de Tovar, restaurante localizado no Pazo de Tovar.

Trátase de dar a coñecer os atractivos turísticos da zona, impulsando o desenvolvemento e conservación do Patrimonio de Lourenzá e a súa leguminosa estrela, a faba. Tamén colaboramos con diferentes asociacións e eventos da comarca, como por exemplo: o clube VespaFaba, a Asociación Conde Santo, as Escolas Deportivas Lourenzá; somos patrocinadores de dous equipos de Baloncesto Feminino, temos unha participación activa na organización da Festa da Faba etc.





Mª Dolores Calvo Méndez,
presidenta

CONDES DE ALBAREI,
S. Coop. Galega

Por todo isto e porque o compromiso, a solidariedade, a igualdade, o traballo e a honestidade son valores que nos definen, considerámonos economía social.

NACE EN 1988, en Castrelo-Cambados (Pontevedra), aínda que as xuntanzas previas para informar á veciñanza das distintas parroquias iniciábanse tres anos antes. En 1987 asínase a acta de fundación da S.A.T. (Sociedade Agraria de Transformación) "Viticultores Salnesur" e no ano 1988 constitúese "Bodegas Salnesur".

CRÉASE por iniciativa dun grupo de entusiastas da viticultura do Val do Salnés que sentiron a necesidade de poñer en valor o froito do seu traballo producindo, elaborando e comercializando viños de alta calidade.

INTEGRADA na actualidade por uns catrocentos socios e socias, a totalidade, viticultores e viticultoras que producen uva variedade *albariño*.

Condes de Albarei é propietaria de Pazo Baión, onde elabora viños desta marca.

REPRESENTA a viticultores e viticultoras de toda a comarca do Salnés: Cambados, Meaño, Ribadumia, Sanxenxo, Vilanova, Meis, Barro, Portas, Caldas, Vilagarcía...

ESTRUTURA. O órgano principal para a toma de decisións é a Asemblea Xeral de socios que, mediante votación democrática, elixe representantes para formar o Consello Reitor, así como membros do Comité de Recursos e Interventores de Contas.

Dependendo do Consello Reitor e da Asemblea xeral está a Xerencia e supeditados a esta os departamentos de administración, produción, enoloxía, comercial, comunicación e enoturismo.

ENFÓCASE á produción, elaboración e comercialización de viño albariño de alta calidade, sendo a exportación un factor clave; con presenza en máis de corenta países.

Outra proxección importante é o enoturismo, sendo un referente en Galiza e fóra dela, xa que recibe visitas de moitos países.

PRIORIDADES As persoas socias, ademais de ter garantida a recollida da uva e o pago da mesma, vense beneficiadas cos servizos que a cooperativa lles proporciona:

- Asesoramento en campo polo persoal técnico da cooperativa.
- Compra conxunta de produtos fitosanitarios e fertilizantes, que abarata custos.
- Formación a través de cursos, charlas, obradoiros, viaxes...

A facturación anual está en torno aos oito millóns de euros.

O número de empregos directos varía en función das actividades a realizar, pero a media está en trinta persoas fixas.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Consideramos que é unha entidade de economía social porque ten unha repercusión directa na economía, non só das catrocentas familias socias e das trinta familias traballadoras, senón que incide en toda a comarca do Salnés. Os nosos socios e socias consomen, invisten, e contratan onde viven, xerando traballo na comarca. Tanto a cooperativa coma os socios son dinamizadoras da economía, creando emprego fixo e temporal.

Co enoturismo visítanos xente de moitos lugares que come, dorme e compra na zona.

Coa adquisición e restauración de Pazo Baión, investimos no patrimonio cultural galego, na conservación da súa historia, arquitectura, paisaxe, botánica...

A través do compromiso que temos co Plan Nacional de Drogas, proporcionámoslle traballo a persoas exdrogodependentes e facemos unha achega económica anual para programas de prevención de drogodependencia.

Colaboramos con asociacións sen ánimo de lucro coma GaliciAME (Asociación Atrofia Medula Espiñal), poñendo á súa disposición as nosas instalacións e o viño.

Cedemos o salón para exposicións de pintura, fotografía, concertos etc.

Colaboramos cos concellos próximos e con centros escolares para realizar actividades culturais e deportivas.

Patrocinamos distintas actividades deportivas (balonmán, carreira popular...).

Ademais de dinamizadores económicos, tentamos ser dinamizadores socio-culturais proporcionando á nosa sociedade cursos de diversa índole, charlas informativas, obradoiros, viaxes...





Celso Gándara Carnero,
presidente

ESPAZOCOOP
Unión de Cooperativas Galegas

Espazocoop representa a preto de 2.000 persoas socias traballadoras e 600 empregos e máis de 1.000 socias consumidoras, cun volume de facturación conxunto superior aos 50 millóns de euros.

NACE en Santiago de Compostela, o 5 de Novembro de 2016, aínda que se constitúe formalmente o 13/01/2017. Espazocoop é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e nos seus valores.

CRÉASE por iniciativa de tres entidades representativas: Ugacota, Ucetag e Sinerxia, que decidiron por unanimidade a fusión das 3 entidades na Asemblea que celebraron ese sábado 5 de novembro e na que participaron as cooperativas de traballo, de ensino e de consumo asociadas.

Foi o paso final dun proceso que levaba tempo configurándose internamente nestas organizacións, froito tanto das estreitas relacións de colaboración que mantiñan, como dunha visión estratéxica ou mesmo da coherencia cos valores e principios do cooperativismo e a intercooperación, sinal de identidade da economía cooperativa.

INTÉGRANA, na actualidade, 205 cooperativas maioritariamente de traballo asociado, aínda que tamén representa cooperativas de consumo, agrarias e de explotación en común da terra.

Representa a preto de 2.000 persoas socias traballadoras e 600 empregos e máis de 1.000 socias consumidoras, cun volume de facturación conxunto superior aos 50 millóns de euros.

ESTRUTÚRASE formalmente en dúas sectoriais:

Ensino: que agrupa a 27 colexios cooperativos que ofrecen formación regrada e,

Cultura: que agrupa ás cooperativas que traballan na promoción da cultura e servizos culturais diversos.

Tamén se está a traballar na constitución dunha sectorial de Asesoría-Consultoría, integrada por cooperativas que prestan servizos de asesoramento, de xestión de consultoría; nunha sectorial de Innovación Social con cooperativas que levan a cabo servizos vencellados á intervención e innovación social, participación e igualdade, e nunha sectorial de Consumo Consciente, que agrupa ás cooperativas de consumidores de produtos ecolóxicos, comercio xusto e enerxías renovables.

O máximo órgano de toma de decisión é á Asemblea Xeral, constituída por tódalas cooperativas socias, quen delega o goberno nun Consello Reitor elixido entre persoas socias das cooperativas. Espazocoop conta cun equipo técnico de 9 persoas traballadoras.

Celébranse dúas asembleas anuais. Unha ordinaria, onde se someten a consideración os asuntos habituais e unha extraordinaria, a finais de ano, que ten como obxecto recoller as necesidades e demandas das nosas cooperativas socias para programar e planificar as actividades dos seguintes períodos.

PROXÉCTASE no Foro pola Economía Social Galega, que se constitúe no ano 2018, apenas un ano despois da constitución de Espazocoop, conxuntamente coa Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca), a Asociación Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal), a Agrupación de Sociedades Laborais de Galicia (Aesgal) e a Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (Aeiga), entidades que representan a 371 organizacións, cun volume de ingresos de 1.616,5 millóns de euros anuais e 9.276 empregos directos.

Espazocoop é socia de REAS Galiza, Rede de Economía Alternativa e Solidaria; somos socias e responsables da Secretaría técnica da Cooperativa de Servizos Financeiros COOP57 e tamén de FIARE Banca Ética e de Nosa Enerxía, S.Coop. Galega.

PRIORIDADES Temos como misión: agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

As principais liñas estratéxicas teñen que ver co incremento da visibilidade de Espazocoop e das cooperativas representadas; co aumento da relación coas cooperativas socias e entre elas, con canles de comunicación interna áxiles e efectivas; con conseguir o recoñecemento público e social e incrementar o peso do cooperativismo no deseño e desenvolvemento das políticas públicas; con ser o referente do sector cooperativo en Galicia; con construír unha unión de cooperativas sustentable e eficiente, acadando a estabilidade orzamentaria e económica; con diversificar os recursos financeiros e explorar novas alternativas de financiamento;

con consolidar unha estrutura organizativa áxil, eficiente e capaz de dar resposta aos obxectivos estratéxicos establecidos e, finalmente, con impulsar os servizos de asesoramento e acompañamento a grupos promotores; fortalecer e crear novos servizos para as cooperativas socias e para entidades e grupos específicos e consolidar a oferta formativa de calidade e innovadora.

No marco do Foro pola Economía Social o seu obxectivo principal é sacar á Economía Social "da invisibilidade actual" e que se lle dea a presenza acorde ao seu peso económico nos centros onde se toman decisións sobre o desenvolvemento económico, social e de emprego.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque o cooperativismo é unha parte fundamental da economía social, que pon no centro das decisións empresariais ás persoas; porque representa en Galicia a máis de 7.000 empresas que xeran 320.000 postos de traballo e supoñen o 10% do PIB galego e porque os valores que promove a economía social contribúen a creación de emprego "estable e de calidade" a través do fomento da igualdade de oportunidades, a inclusión, a redistribución da riqueza, o desenvolvemento local e o compromiso social e medioambiental.

Porque levamos tempo demostrando que é posible acadar un modelo empresarial eficiente e sustentable, tendo en conta as necesidades das persoas, conciliando valores e xestión democrática, con profesionalidade e bo facer. Sendo resistentes ás crises económicas e mantendo empregos en situacións e contextos de grande dificultade, onde outros modelos empresariais teñen fracasado, colaborando no mantemento de postos de traballo, xerando e distribuindo os recursos económicos dun xeito equitativo. Con presenza no rural e no urbano e con arraigo nos territorios.





Isabel García Álvarez,
presidenta

XEDEGA
S. Coop. Galega

Mentres non nos sorprenda a sociedade cunha estrutura empresarial que mellore a promoción da persoa sobre o capital, que respecte as diferenzas e as utilice en xerar sinerxías, onde a toma de decisións sexa máis participativa e democrática, onde o capital sexa un instrumento ou onde a conciliación familiar sexa una realidade, nós quedamos coa fórmula cooperativa.

NACE en 1993, como consultora especializada no eido empresarial cooperativo, con especial forza en servizos de formación cooperativa, levando a cabo a posta en marcha e a monitorización de distintos proxectos empresariais cooperativos, enmarcados en sectores como: tempo libre, alimentación, téxtil, acuicultura, ensino, música, artes gráficas, moble, metal, naval etc.

CRÉASE por iniciativa dos seus promotores: mocidade de entre 20 e 25 anos. Algúns deles xa tiñan participado no eido da economía social, por medio da Universidade. Todos coinciden na necesidade dunha entidade Asesora-Consultora especializada no eido da economía social e, sobre todo, no cooperativismo, e Xedega é a resposta a esta demanda.

INTEGRADA na actualidade por tres persoas, dúas socias e un socio. Ademais, no equipo figuran tres traballadoras non socias con ampla experiencia no eido da economía social e sobre todo, mantendo todos estes anos unha sensibilidade e empatía especial co autoemprego colectivo.

Son persoas que poñen o foco e tratan de engadir luz con coñecemento naqueles proxectos empresariais que tamén teñen no seu ADN a contribución a unha sociedade máis xusta e próspera para Galicia.

REPRESENTA Xedega está integrada no sector do asesoramento empresarial, sobre todo en labores de asesoramento e apoio ás entidades de Economía Social. Actualmente máis

de 100 entidades reciben de forma directa e indirecta os nosos servizos. Ademais, Xedega tamén participa na directiva de Espazocoop.

ESTRUTURA. Estrutúrase, fundamentalmente, en tres áreas de traballo:

- Asesoramento empresarial -xurídico, contable, fiscal e laboral- Constitucións de empresas, tramitación de subvencións, xestión fiscal e impostos, xestión laboral e do persoal, xestión contable etc..
- Consultoría e Formación Cooperativa. Plans de viabilidade, estudos económico -financeiros, plans estratéxicos, formación, tanto a socios promotores coma a cooperativas en funcionamento.
- *Coaching* Executivo especializado en autoemprego. Técnica que aplicamos aos socios, ao persoal ou ao equipo en conxunto, segundo a necesidade e a demanda. Recordemos que como di Juan Carlos Cubeiro: *"Esta técnica científica permite levar a cabo un proceso de axuda individualizada para liberar e potenciar o talento, maximizando a efectividade das actividades na empresa"*.

Dentro da nosa misión destacaríamos a promoción do cooperativismo como fórmula empresarial viable e eficiente no mercado.



No relativo á toma de decisións de produción, promóvese a autonomía departamental e, en canto a temas societarios e empresariais, as tomas de decisións estratéxicas son acordadas en Asemblea e executadas pola Administradora única, democracia participativa e real.

ENFÓCASE. En termos de estabilidade empresarial, goza dunha boa saúde e a nivel de proxeccións de futuro, todo o equipo ten unha gran capacidade de adaptación da man dunha formación continua e da aptitude proactiva, polo que o noso futuro pasa por estar preto dos cooperativistas e das pequenas empresas, con independencia de que as formas muden.

PRIORIDADES. A nosa prioridade son as persoas que forman o equipo de Xedega, polo que entendemos que só podemos proxectar e dar o mellor como profesionais se estamos ben: valoradas, respectadas, promovidas, formadas, con flexibilidade horaria, cun equipo integrador...

Cara os nosos clientes, a prioridade é ofrecer un servizo de calidade e proximidade, adaptándonos ás circunstancias de cada un, sendo parte do seu proxecto en todas as fases do mesmo.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

E por que non? Mentres non nos sorprenda a sociedade cunha estrutura empresarial que mellore a promoción da persoa sobre o capital, que respecte as diferenzas e as utilice en xerar sinerxías, onde a toma de decisións sexa máis participativa e democrática, onde o capital sexa un instrumento, onde a conciliación familiar sexa una realidade etc., *nós quedamos coa fórmula cooperativa.*



M Colexio Mendiño

Marité Vázquez Rodríguez,
presidenta

MENDIÑO
S. Coop. Galega

O colexio ofrece unha formación académica baseada na atención personalizada, o que permite ter unha porcentaxe elevada de alumnado que continúa os estudos.

NACE en 1982, en Vigo (Pontevedra), sendo a primeira cooperativa de ensino de Galicia centrada no ámbito da Formación Profesional.

CRÉASE entre varios profesionais con ideas comúns sobre educación, no sector da Formación Profesional. Os constituíntes foron sete, tal e como pedía a lei nese momento.

INTEGRADA na actualidade, por oito persoas socias: cinco mulleres e tres homes.

REPRESENTA A un alumnado -nunha porcentaxe elevada- que procede de familias con recursos económicos baixos ou familias monoparentais en situación de risco.

No caso de alumnos de Formación Profesional Básica trátase de alumnado sen rematar a ESO (Educación Secundaria Obligatoria), e no caso do ciclo medio de coidados auxiliares de enfermería, o perfil maioritario son mulleres en idade adulta que se incorporan ao mundo laboral despois da maternidade.

ESTRUTURA. É unha cooperativa de traballo asociado cos seguintes órganos:

- Consello Reitor: presidenta, vicepresidenta e secretario.
- Asemblea Xeral: 8 socios

Ao ser unha cooperativa pequena, as decisións tómanse en Asemblea Xeral, que se reúne unha vez ao mes. Naqueles temas que requiren unha decisión rápida e que paralizarían

o funcionamento da empresa (compras, contratación de servizos de telefonía...) a presidenta ten potestade para decidir e asinar contratos.

ENFÓCASE a través dunha formación académica baseada na persoa, na atención personalizada, o que permite ter unha porcentaxe elevada de alumnado que continúa os seus estudos, pasando a ciclos superiores ou accedendo a ciclos medios no caso da FPB (Formación Profesional Básica).

En canto aos que non continúan os estudos, cabe destacar tamén unha elevada porcentaxe de alumnado contratado nas empresas do contorno, tanto do ámbito sanitario (xeriatría, clínicas dentais...) como do comercial.

PRIORIDADES. Ao ser un centro educativo concertado non hai ingresos por facturación, xa que os clientes (o alumnado do centro) non pagan; só debe aboarse unha cota aprobada en Consello Escolar, que se utiliza para cubrir os gastos do departamento de orientación (salario e seguridade social da orientadora, test...) e que non completa a subvención recibida polo centro para os gastos de funcionamento.

Ao tratarse de alumnado con ingresos moi baixos hai unha porcentaxe que non pode afrontar esta cota; para o alumnado sen recursos e que non recibe becas MEC (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte), hai becas internas. En canto aos datos de emprego, a cooperativa ten:

- Contratados indefinidos a tempo completo: dous traballadoras/es docentes e unha traballadora non docente.

- Contratados indefinidos a tempo parcial: unha traballadora.
- Contratos de relevo: unha traballadora.
- Contratos temporais a tempo parcial: tres traballadoras/es.

Apóstase por unha política de emprego que incide en potenciar a paridade na cooperativa. Porcentaxe de mulleres:

- O 75% do persoal contratado.
- O 62,5 % das persoas socias na cooperativa.
- O 66,67 % do Consello Reitor.

Por último, destacar que a empresa está nun proceso de substitución xeracional que permite incorporar xente nova á cooperativa (o 37,5 % das persoas asociadas cooperativistas teñen menos de 45 anos).

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

A implicación coa integración das persoas con discapacidade no mundo laboral é grande, polo que o alumnado deste centro con algunha discapacidade realiza as prácticas profesionais (Formación en Centros de Trabajo) nas mesmas empresas que o resto do alumnado do centro. Neste sentido cabe destacar o labor das empresas colaboradoras polo esforzo que fan para adaptar os postos de traballo nestes casos.

Na parte educativa colabórase con ONG e asociacións do contorno:

- Visitas a AFAMO (Asociación de Familiares de Persoas Enfermas de *Alzheimer*) para coñecer o labor realizado.
- Desenvolvemento dun proxecto de aprendizaxe e servizo en XARUMA que inclúe obradoiros de procura de emprego impartido polo alumnado.

Mendiño, como centro educativo concertado, non ten beneficios; o salario e a seguridade social do cadro de persoal, así como os gastos de funcionamento están cubertos pola Consellería de Educación.

Como empresa profundamente vencellada ao movemento do cooperativismo de ensino, Mendiño S. Coop. Galega foi socia promotora da Unión de Cooperativas de Ensino de Traballo Asociado de Galicia (UCETAG), creada no ano 1988, así como da Asociación de Centros de Ensino de Economía Social de Galicia (ACES-GALICIA), que é a entidade patronal que representa aos centros de ensino concertados en réxime de economía social, creada no ano 1998, formando parte dos consellos reitores de ambas entidades ao longo de distintas etapas.





Consuelo Vicente Ameal,
presidenta

CULTURACTIVA
S. Coop. Galega

O cooperativismo recolle a nivel empresarial e económico a maior parte dos valores que defendemos, como a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, o compromiso co desenvolvemento local e a cohesión social, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e, por suposto, o funcionamento democrático e a toma de decisións asemblearia.

NACE en Santiago de Compostela no ano 2000, como un proxecto para traballar no eido da xestión cultural aínda que non será ata 2005 cando se pase a constituírse como cooperativa.

CRÉASE por iniciativa de Iván Prado a partir de varias experiencias asociativas en común das persoas socias fundadoras, principalmente nas entidades Augasquentes de apoio á loita indíxena zapatista en Chiapas (México).

Desde a súa orixe, a nosa cooperativa pretende ser un esforzo colectivo de autoemprego baseado na transformación social e no compromiso coa democracia real e coa participación cidadá. Como proxecto profesional, os nosos obxectivos eran achegar e promover no país expresións artísticas que aínda non estaban presentes, como o clown, e producir festivais culturais, como Festiclown ou Terr@ctiva, que serviran, ademais de como dinamizadores culturais, para desenvolver económica e democraticamente as cidades.

Entendemos a cultura como ferramenta de desenvolvemento humano, social e económico e como vector de transformación e reequilibrio territorial e social.

INTEGRADA por catro persoas socias (tres membros do consello reitor e un socio-colaborador). A maiores, o cadro de persoal está integrado por catro persoas traballadoras

e puntualmente contamos coa contratación de servizos de varios autónomos e autónomas.

REPRESENTA A... Sendo unha cooperativa de traballo asociado relacionada directamente co eido cultural non representa especificamente a ningún colectivo.

ESTRUTURA. A cooperativa está integrada polos órganos sociais, e as decisións tómanse mediante acordo tomado en asembleas, coa presenza dos órganos sociais e das persoas asociadas. Ademais dos temas estritamente legais que se deben tratar en cada unha das asembleas, calquera socio ou socia pode propoñer temas e proxectos para seren tratados na orde do día e tomar as decisións oportunas respecto aos mesmos.

ENFÓCASE principalmente no eido da xestión cultural: teatro, música e a dinamización social, tanto desde o ámbito creativo como formativo.

O noso equipo de traballo está especializado na distribución e produción escénica e musical, na formación e na xestión integral de programacións e proxectos culturais comprometidos social e politicamente e transformadores. Ao longo da nosa traxectoria temos traballado principalmente en Galicia, mais tamén no resto do Estado, Portugal, América Latina, Palestina, Sáhara e diversos países de Europa.

Festivais como Festiclown, Terr@ctiva ou Olladas do Planeta son a nosa mellor tarxeta de presentación, sen esquecer que actualmente somos a oficina de venda e distribución dalgúns dos nomes máis importantes da música e teatro de Galicia.

Culturactiva, S. Coop. Galega non se pode entender sen o noso compromiso político, que se materializa en gran medida no colectivo de cooperación internacional a través das artes Pallas@s en Rebeldía, que é unha rede internacional que promove a solidariedade e a risa como motores de cambio social. Así, os nosos obxectivos son defender os dereitos humanos coa cultura como ferramenta, espertar a esperanza a través das artes circenses e da música, desenvolver a fraternidade entre os pobos do mundo e loitar contra este sistema global de terror dende a utopía da arte.

PRIORIDADES. En canto á facturación, sinalar que nos anos 2015, 2016 e 2017 tivemos un incremento notable na cifra anual de negocios, pois a pesar de estar activa aínda a crise económica, a cooperativa foi quen de renovarse e buscar alternativas de traballo para poder manterse e incluso crecer.

O reparto económico está dividido na xeración de novos postos de traballo e tamén no apoio e colaboración co colectivo Pallas@s en Rebeldía antes mencionado e na mellora de infraestruturas para poder optar á competitividade no sector.

Polo de agora, o beneficio non repercute directamente a nivel económico nas persoas socias.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Polas nosas orixes, pola nosa traxectoria previa e polo noso compromiso político, a nosa entidade profesional non podería ter outro encaixe que na economía social. O cooperativismo recolle a nivel empresarial e económico a maior parte dos valores que defendemos, como a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, o compromiso co desenvolvemento local e a cohesión social, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e, por suposto, o funcionamento democrático e a toma de decisións asemblearia.





Jose A Suárez-LLanos Rodríguez,
director-xerente

Cooperativa de Armadores
do Porto de Vigo

A cooperativa comprende distintos subsectores extractivos, e defende colectivamente e ofrece servizos comúns ás persoas asociadas.

NACE EN 1964, en Vigo.

CRÉASE por iniciativa dos armadores.

INTEGRADA por asociacións e organizacións de produtores do sector extractivo, dende a baixura ata a altura e grande altura. Conta con 160 entidades socias entre as que se atopan varias asociacións de armadores de pesca especializadas na produción e comercialización dos produtos pesqueiros.

REPRESENTA aos armadores con buques de pesca.

ESTRUTURA. Estrutúrase nunha Asemblea de socios que elixe ao Consello Reitor.

ENFÓCASE cara ao sector pesqueiro de ámbito provincial.

PRIORIDADES. As nosas prioridades son:

- Defender os intereses das entidades socias ante as administracións local, autonómica, nacional e comunitaria.
- Prestarlles diversos servizos tales como: subministración de gasoil, limpeza de caixas, descargas, I+D+i, laboral (especializado no Réxime de Seguridade Social do mar), Formación, Prevención de riscos etc.
- Promover o consumo de pescado como alimento san e saudable.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque é unha Cooperativa na que os socios e socias se agrupan para que se lles dean servizos comúns e se os defendan colectivamente a través da estrutura existente (distintos subsectores extractivos dentro dunha soa cooperativa).



**S.Coop.Gallega
Ría de Arosa**

Mariscadoras desde 1973
Depuradora y cetárea de marisco



Luis Santos Martínez,
xerente

S. Coop. Galega Ría de Arosa



Mentres todas as persoas socias traballan de forma colectiva e organizada no marisqueo, a cooperativa é a que canaliza a actividade, consensúa as decisións, planifica as tarefas, decide as normas e vela polo colectivo.

NACE O 17 de xullo de 1973.

CRÉASE por iniciativa de 173 veciños e veciñas (socios e socias fundadores) dirixidos/asesorados como en moitas outras sociedades cooperativas, polo cura da parroquia.

INTEGRADA por 470 persoas socias (ata o ano 2007 os estatutos seguían marcando un ámbito parroquial).

REPRESENTA A un novo modelo no sector marisqueiro galego, dado que todas as persoas traballan de forma colectiva e organizada, mentres que a sociedade é a responsable de canalizar dita actividade, de consensuar as decisións, planificar as tarefas e, decidir normas, así como velar polo colectivo fronte a un sector que apenas tiña mudado no último século.

ESTRUTÚRASE en varios colectivos en función do traballo que desenvolven.

PROXÉCTASE para poder xestionar directamente un litoral parroquial que estaba totalmente improductivo e abandonado.

PRIORIDADES. As prioridades da cooperativa son:

- Xestión do litoral parroquial.
- Profesionalización das distintas actividades.
- Comercialización directa.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque os fundadores tomaron a decisión de erixir unha sociedade cooperativa. Esta fórmula outorga ao colectivo que a conforma a posibilidade de tomar decisións de forma igualitaria (democrática). Todos os veciños e veciñas pasan a contar cunha ferramenta útil para a parroquia, no senso de que a entidade podía defender os seus intereses fronte ao sistema existente naquel intre, que non contaba coa parroquia de Abanqueiro e non respectaba os seus dereitos históricos de acceso ao recurso.





José Manuel Vila Fernández,
presidente

Consumo Consciente Árbore,
S. Coop. Galega

Creouse inicialmente para establecer un punto onde as socias da cooperativa puideran atopar produtos de alimentación que cumpriran uns criterios mínimos en canto a impacto ambiental e de respecto aos dereitos das persoas traballadoras e dos animais.

NACE EN Vigo. A Asemblea constituinte celébrase o 18 de Xuño do 2001. As razóns iniciais polas que se crea esta iniciativa son diversas, pero o obxectivo principal era crear un punto onde as socias da cooperativa puideran atopar produtos de alimentación que cumpriran uns criterios mínimos en canto a impacto ambiental e de respecto aos dereitos das traballadoras da cadea de produción e subministración e tamén aos dereitos dos animais cos que compartimos este planeta.

CRÉASE POR. Non resulta sinxelo lembrar de quen partiu exactamente a iniciativa, pero organizouse en torno a persoas que xa buscaban este tipo de compromiso e dunha produtora, Agatha Broeskamp, unha das primeiras produtoras ecolóxicas certificadas de Galicia.

Dentro deste grupo de persoas existía unha gran variedade de motivacións que se complementaron dende o comezo en torno a un obxectivo común. E na construción dese obxectivo común cada unha delas achegou a súa sensibilidade á construción dos criterios comúns que se reflectirían nos nosos estatutos.

INTÉGRANA. Aínda que o grupo promotor podía estar arredor das 20 familias, no momento da constitución da cooperativa xa eran 60 "unidades de consumo" e dende aquí ás máis de 300 que forman parte da cooperativa nestes momentos.

ESTRUTURA. A cooperativa estrutúrase no contorno dunha Asemblea Xeral anual e do Consello Reitor que se vén reunindo mensualmente. Pola propia natureza da cooperativa,


son as propias socias traballadoras: cinco nestes momentos, as que afrontan a maior parte das decisións do día a día sobre a base das reflexións dos órganos de goberno.

ENFÓCASE. Moitos son os fitos relevantes nestes xa case 20 anos de percorrido. Dunha cooperativa cun baixísimo nivel de investimento inicial e cos problemas propios do descoñecemento do sector, atopámonos cunha organización que se profesionalizou, que foi capaz de crecer e que segue mantendo vivos os principios sobre os que naceu. Recoñecemos que as contradicións existen en calquera organización e tamén na nosa, e a busca dun alto nivel de coherencia é un camiño, non unha meta.

PRIORIDADES. As prioridades actuais da cooperativa son as propias do laboratorio que é: seguir estudando as formas participativas de gobernanza e aprender dos erros e das dificultades. No eido económico, ser capaces de consolidar a nosa actividade e que o noso crecemento sirva como escaparate e reforzo para as numerosas iniciativas do noso contorno que traballan por unha forma sustentable e xusta de produción e elaboración de alimentos.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque somos cooperativa, e o somos coa convicción de que é unha fórmula xurídica e organizativa que favorece o intercambio de opinións, a participación e o desenvolvemento social e económico a pé de rúa.



Mercado de Abastos de Santiago
Sociedade Cooperativa Galega

Marta Rey,
xerente

Mercado de Abastos de Santiago,
S. Coop. Galega



A idea é potenciar a marca do mercado; o obxectivo non é obter beneficios como empresa xa que non se reparten entre os socios cooperativistas.

NACE como cooperativa, en Santiago de Compostela, no ano 1999.

CRÉASE A cooperativa que xestiona o mercado e os seus servizos xerais está formada por parte dos comerciantes do mercado. Creouse pola grave situación do mercado fai vinte anos: unha xestión municipal moi burocrática que non implicaba xestión comercial.

INTEGRADA polos comerciantes do mercado titulares dunha caseta: 54 exactamente, arredor do 45% do mercado.

REPRESENTA os intereses do Mercado.

ESTRUTURA. As decisións do día a día son tomadas por un consello reitor formado por sete persoas e hai dous interventores que validan as contas da entidade. A cooperativa reúnese en Asemblea Xeral, unha vez ao ano, mínimo, para adoptar decisións fundamentais na dinámica do mercado, aprobar as contas dos exercicios e os orzamentos do ano seguinte.

ENFÓCASE só ao ámbito do Mercado.

PRIORIDADES. A xestión oríentase ao reinvestimento no mercado, nas súas instalacións, servizos e campañas de publicidade e *marketing*. A idea é potenciar a marca do mercado, o obxectivo non é obter beneficios como empresa xa que non hai reparto de beneficios entre os socios e socias cooperativistas

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

A xestión do mercado ten importancia polo seu peso e polos vínculos que ten na cidade xa que parte da súa xestión vai enfocada a reforzar eses vínculos, por iso se realizan todo tipo de actividades no mercado.





Carlos Laya Vía,
presidente

UCOGATRA
(Unión de Cooperativas Galegas do
Transporte)

Somos economía social porque asentamos empresas e xeramos emprego digno e de calidade no territorio fronte á deslocalización xeográfica.

NACE en Galicia o 27 de novembro de 2011 de forma oficial, pero levaba xa dous anos xestándose.

CRÉASE pola necesidade de mudar a cultura de traballo das cooperativas en Galicia onde cada unha ía ao seu aire competindo entre elas. Ucogatra créase para empezar a traballar de forma colaborativa de xeito que, fundamentalmente, se puidesen compartir os servizos que se prestaban ao colectivo asociado. No momento da súa constitución, a crise estaba no seu máximo esplendor e era evidente que para sobrevivir había que mudar o xeito de facer as cousas.

INTEGRADA na actualidade por 29 cooperativas, comezou con 13. En termos de camións agrupamos a máis de 500 entre todas as cooperativas.

REPRESENTA aos profesionais galegos do camión; autónomos, pequena e media empresa do transporte por estrada que decide asociarse en cooperativas como única vía factible para a supervivencia e madurez do sector.

ESTRUTURA. Integrada por 29 cooperativas, a súa estrutura sería:

O Presidente de UCOGATRA é Carlos Laya Vía, sendo Vicepresidente Manuel Torreiro Martínez e Secretario Alberto Vila (Apetamcor, SC).

PROXÉCTASE como resposta para lograr un sector regulado e profesionalizado a través do cooperativismo.

PRIORIDADES:

- Fortalecer o cooperativismo.
- Negociar conxuntamente as reivindicacións á Administración (como a redución das peaxes para os profesionais do camión e o descenso dos prezos do combustible)
- Gañar competitividade no contexto nacional e internacional.
- Paliar a falta de substitución xeracional, unha das principais preocupacións do sector.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

O noso é un viveiro de dirixentes e emprendedores, xerando un capital social e humano con coñecementos, responsabilidade e transparencia, crítico para o desenvolvemento socio-económico con equidade, inclusivo e sustentable.

Para Ucogatra, é importante fomentar a educación e a capacitación, así como velar polos valores cooperativos e os principios que nos rexen: adhesión voluntaria e aberta, xestión democrática por parte das entidades asociadas, participación económica das mesmas, autonomía e independencia da cooperativa, dereito das persoas vinculadas á educación, formación e información, deber de cooperación entre cooperativas, e interese polo sector ao que representamos e pola comunidade onde estamos inseridos.



Juan López Varela,
presidente

HERTRANS
S. Coop. Galega



Son os socios os que toman as decisións mediante procesos democráticos e participativos.

NACE EN 1991, na localidade coruñesa en Montsalgueiro (Aranga), onde ten a súa sede social.

CRÉASE porque cinco transportistas autónomos deciden unir forzas para mellorar a súa situación laboral. Xuntos poderían reducir custos e dar un mellor servizo, o que lles permitiría medrar.

INTEGRADA a día de hoxe por 30 persoas socias e 44 vehículos que dependen exclusivamente do traballo da cooperativa.

REPRESENTA a un grupo importante de transportistas galegos que decidiron confiar na figura cooperativa para xestionar a carga de traballo, a parte administrativa, mellorar prezos nas compras e acceder a servizos de interese, ademais de poder abarcar novos mercados.

ESTRUTURA. Coma en todas as cooperativas convócase unha Asemblea Xeral unha vez ao ano de forma ordinaria, aínda que por razóns extraordinarias hai asembleas de socios. O consello reitor encárgase das tarefas executivas diarias.

PROXÉCTASE como unha empresa de prestixio, avalada pola confianza que achega levar máis de 28 anos no mercado; unha entidade que confía na responsabilidade do seu cadro de persoal e das súas persoas asociadas; unha cooperativa aberta á innovación e á conquista de novos mercados sen perder a perspectiva da profesionalidade no servizo ao cliente e o coidado do benestar interno.

PRIORIDADES: A nivel comercial, para Hertrans os coñecementos e experiencia consolidados son un valor seguro sobre o que hai que engadir a exploración de novos mercados e o incremento da dimensión naqueles nos que xa está presente.

Dende o principio, as principais áreas de negocio foron o transporte de produtos de alimentación e consumo, pero unha visión aperturista levounos a ampliar mercado incorporando ao transporte dende pezas para barcos e eólicos ata maquinaria, iniciándose ultimamente no transporte de mercadorías refrixeradas.

Por outra banda, sempre preocupou dar os mellores servizos ás persoas socias logrando facerse cargo –a cooperativa–, da xestión íntegra do traballo dos vehículos: dende a busca de clientes ata a xestión dos cobros ou a facturación.

Tamén se xestiona a compra dos elementos que constitúen os maiores gastos da explotación: combustible, seguros, rodas etc. e pon á súa disposición zonas de lavado para os vehículos, surtidor de combustible, prazas de aparcamento, duchas ou dispositivos para a descarga do tacógrafo.

Conta cunha unidade propia de subministración de carburante e a flota de camións, ao completo, incorpora GPS acadando unha xestión máis eficiente.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque a cooperativa nace para satisfacer as necesidades das persoas asociadas, para que sexan máis competitivas a través da cooperación no mercado do transporte.



Marcelino Vidal Casas,
presidente (período 2000-2008)

SALGUEIRIÑOS DE VIVENDA
S. Coop. Galega

A incidencia da nosa cooperativa vai máis aló de dar resposta á necesidade directa dos seus socios e socias. Foron innumerables as ocasións en que persoas socias doutras cooperativas de vivenda acudiron a nós buscando asesoramento.

NACE en 1996. A entrega de vivendas prodúcese en 2006 e extínguese a principios de 2019, cumprido o seu obxecto social.

CRÉASE por iniciativa dun reducido grupo de propietarios de terreos do SUNP2 de Salgueiriños, na zona norte de Santiago de Compostela. Daquela era unha vía de expansión urbanística a medio prazo.

INTEGRADA no momento de entrega das vivendas por 330 persoas socias. Delas, 314 son unidades familiares que mercaron a vivenda e o resto, persoas físicas que compraron garaxes, rochos e locais comerciais.

REPRESENTA perfís diversos: persoas que traballan en Santiago pero residen fóra ou en réxime de alugueiro; propietarias de terreos que viron unha opción de non verse expulsadas da zona e, aínda que de xeito minoritario, houbo persoas que entraron con afán especulativo.

ESTRUTÚRASE como unha organización societaria típica: a Asemblea Xeral que toma as decisións máis importantes; o Consello Reitor e dúas persoas interventoras. Contouse cun Comité de Recursos e cunha Comisión de Obra.

Contamos cun equipo de profesionais externos e prescindimos dos xestores pola detección de malas prácticas. Dende 2003, a cooperativa xestionouse directamente polo Consello Reitor, figura que deixou de existir en 2008, aberto o proceso de liquidación, continuando á fronte un grupo de tres persoas liquidadoras (que xa estaban no Consello).

ENFÓCASE máis aló de responder ás necesidades directas dos socios e socias. Persoas socias doutras cooperativas de vivenda acudiron a nós buscando asesoramento para solucionar dificultades nas súas cooperativas. Mesmo impulsamos a constitución dunha unión de cooperativas de vivenda con entidades de Vigo e Santiago, que finalmente non calou. Finalmente, xa aberto o noso proceso de liquidación, promovemos a creación dunha cooperativa de consumo que a día de hoxe segue funcionando.

PRIORIDADES. A prioridade do Consello Reitor sempre foi garantir o éxito da promoción, como así foi, non só pola boa relación calidade-prezo acadada na vivenda, senón porque todo o proceso (non exento de dificultades) foi participado pola masa social, un exemplo de transparencia e democracia interna, evitando que intereses especulativos o puxeran en perigo. Mesmo devolvemos retornos ás persoas socias, algo infrecuente nas cooperativas de vivenda, onde hai sobrecustos e derramas que as persoas socias asumen directamente.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque boa parte do éxito radica na forza dos socios e socias. Entre moitos asúmense menos riscos, tense máis capacidade económica e hai maior implicación na toma de decisións. No fondo da relación societaria coa cooperativa tamén se da unha compra importante, a da vivenda. Ademais, contar cun Consello Reitor competente e cohesionado como grupo, respectuoso e valedor dos principios cooperativos, permitiu afrontar mellor todos os retos que viñeron.

Montserrat Rodríguez Lavandeira,
presidenta do Órgano de Liquidación
da cooperativa de vivenda,

Monte do Corgo S. Coop. Galega

Somos economía social por facер real a construción non especulativa de vivendas de primeiro uso.

NACE EN Santiago de Compostela. A escritura de constitución ten data do 26 de novembro de 2003.

CRÉASE pola promotora de vivendas Prosup en resposta á necesidade das persoas que a constitúen de poder acceder a unha vivenda a un prezo "accesible".

INTEGRADA por 209 persoas socias ou unidades familiares, que ocupan varias mazás do polígono SUP-7 de Pontepedriña.

REPRESENTA A persoas con distinto nivel de ingresos pero sen vivenda en propiedade ás que construír en réxime de cooperativa, nun polígono de protección autonómica e, polo tanto, a prezo taxado, lles permitiu acceder a unha vivenda en propiedade.

ESTRUTURA. Actualmente a cooperativa está en proceso de liquidación e o único órgano activo é o liquidador, formado por tres persoas.



Anteriormente a cooperativa, como calquera outra, tiña un órgano de xestión no Consello Reitor e a representación de toda as persoas socias exercíase nas asembleas xerais.

ENFÓCASE nun proceso máis participativo á hora de construír a nosa vivenda, podendo facer axustes ou melloras en obra, adaptándose así ás necesidades reais de cada persoa socia.

Nun proceso colectivo de financiamento que facilita o acceso ao crédito bancario ao estar negociado conxuntamente.

PRIORIDADES. Mellorar a calidade de vida das persoas socias que, grazas á cooperativa, tiveron acceso a unha vivenda digna, en boas condicións económicas.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Permitir exercer o dereito de acceso a unha vivenda digna ás persoas socias e desenvolver un proceso participativo de toma de decisións na xestión de todo o proceso de construción.





Miguel Fernández,
presidente

AEIGA
(Asociación de Empresas de Inserción
de Galicia)

As empresas de inserción funcionan como ponte entre a situación de exclusión social e a incorporación ao mercado de traballo.

NACE en Santiago de Compostela no ano 2007 coincidindo coa normativa que regula este tipo de empresas.

CRÉASE para impulsar o fomento e a difusión das Empresas de Inserción Laboral como modo de loita contra a exclusión social e ferramenta de inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social a través do apoio tanto aos proxectos existentes como a proxectos de nova creación.

INTEGRADA por sete empresas de Inserción:

- Compostela Inserta EIL, promovida pola Asociación Plataforma polo Emprego.
- Properdis EIL, promovida pola Asociación Amicos.
- Cormo Integral EIL, promovida pola Fundación Érguete.
- Feito Pontevedra EIL, promovida pola Asociación Rexurdir Provincial.
- Arroupa Santiago EIL, promovida pola Fundación Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.
- Conservas Anaco EIL, promovida pola Asociación Banco do Tempo Anaco.
- Servicios Comerciais de inserción Laboral EIL, Promovida por Cáritas Diocesana Tui-Vigo.

REPRESENTA ás Empresas de Inserción Laboral con ámbito territorial en Galicia.

ESTRUTÚRASE como unha entidade que une nela dous perfís complementarios. É unha asociación empresarial, representante da patronal que axunta ás Empresas de Inserción en Galicia. É, ademais, unha entidade de utilidade pública que está a traballar activamente no ámbito da inclusión sociolaboral dos colectivos denominados en risco de exclusión social.

ENFÓCASE na promoción e desenvolvemento das empresas de Inserción Laboral.

Dende AEIGA participamos activamente, representando e traballando en beneficio das Empresas de Inserción Galegas, actuando como interlocutor entre as empresas e as redes, difundindo o seu traballo, formando parte dos equipos de traballo para mellorar a lexislación e demandas do sector. É socia de FAEDEI dende 2007, que é a Federación de Empresas de Inserción das diferentes comunidades do Estado español. Tamén forma parte da REDE EUSUMO desde o ano 2014.

PRIORIDADES As empresas de Inserción facturan ao redor dun millón de euros e dan emprego a máis de 73 persoas (datos 2017). Contribúen a transformar as políticas pasivas de emprego en activas e a aumentar a rendibilidade dos investimentos públicos. Nestes momentos, unha das nosas prioridades é o fomento da contratación mediante contratos reservados e cláusulas sociais que permitan o desenvolvemento e nova creación de empresas de Inserción na comunidade.

Asemade, queremos continuar impulsando a creación de novas empresas de inserción, asesorando iniciativas sociais que queiran dar o salto ao mundo empresarial.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque damos prioridade a maximizar os beneficios sociais antes que os beneficios económicos. As persoas en situación ou risco de exclusión social non só precisan atopar un traballo, senón tamén incorporarse ao mercado laboral normalizado, xa que por diferentes circunstancias se atopan marxinadas do acceso a un traballo.

As empresas de inserción funcionan como ponte entre a situación de exclusión social e a incorporación ao mercado de traballo. Unha ponte que se desenvolve a través de itinerarios de inserción que buscan acadar que a persoa traballadora volva sentirse útil e adquira novas habilidades sociais e laborais.

As empresas de inserción compartimos e fomentamos os principios que orientan a Economía Social: primacía das persoas e do fin social, aplicación dos resultados obtidos da actividade económica ao fin social e promoción da solidariedade.





Xoan Vidal España,
xerente

PROPERDIS,
Empresa de Inserción Laboral,
SLU

Proporcionamos medidas personalizadas de apoio na aprendizaxe dunha actividade profesional, no establecemento de pautas de funcionamento na adquisición de hábitos sociais de traballo e no acompañamento social dirixido a resolver problemas persoais ou de convivencia.

NACE en 2010. Atópase no Lugar Gándara-Oleiros, Ribeira (A Coruña).

CRÉASE co obxectivo de ofrecer unha oportunidade de emprego a persoas pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos e con menos posibilidade de acceso ao mercado laboral ordinario por presentar alto déficit de empregabilidade.

INTÉGRANA "Fundación Amigos para a protección de persoas con discapacidade psíquica" é a promotora de Properdis Empresa de Inserción Laboral, Sociedade Limitada.

REPRESENTA a boa parte do colectivo en risco e exclusión da zona do Barbanza.

ESTRUTURA. O organigrama de PROPERDIS sería, en primeiro lugar, a xerencia coa Administradora Única da entidade; un seguinte paso, o persoal técnico e/ou capataces e por outra parte, peóns.

ENFÓCASE á incorporación ao mercado laboral de persoas en risco de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e acompañamento precisos para mellorar as súas condicións de empregabilidade.

Con este obxectivo dedícase á prestación de servizos de obras, construción, reformas, xardinería, traballos forestais e medioambientais e viveirismo, entre outros.

Actualmente, a maior parte de accións realizadas son obras de prevención de incendios e limpeza de montes para as Consellerías do Medio Rural e de Medioambiente. Traballamos activamente co Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlántico na erradicación de flora exótica invasora.

PRIORIDADES A incorporación ao mercado laboral de colectivos desfavorecidos dando prioridade ás persoas con discapacidade. Co fin de acadar este obxectivo, prestamos os diferentes servizos mencionados: de obras, construción, reformas, xardinería, traballos forestais e medioambientais.

Proporcionamos ás persoas en risco ou situación de exclusión social –a través de procesos de inserción–, medidas personalizadas de apoio dirixidas á aprendizaxe dunha actividade profesional adecuada ao seu nivel formativo ou ás competencias profesionais esixidas polo mercado de traballo, ao establecemento de pautas de funcionamento destinadas á adquisición de hábitos sociais de traballo e ao acompañamento social dirixido a resolver problemas persoais e de convivencia que poidan impedir ou dificultar o normal desenvolvemento do proceso de adaptación social.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

O propio obxecto social o determina, e pola súa actividade realízanse proxectos na mellora de montes e traballos medioambientais en prol da propia comunidade....



Carmen Avendaño,
presidenta da Fundación Érguete e
Administradora Única de
CORMO INTEGRAL E.I.L.
(Entidade de Inserción Laboral)



Enfocámonos a facilitar a inserción sociolaboral de persoas en situación, ou risco, de exclusión social proporcionándolles unha ocupación que lles confira competencias profesionais a través dun itinerario de inserción.

NACE en Vigo, o 28 de febreiro de 2005, pero non inicia a súa actividade empresarial ata principios do ano 2006. Os primeiros servizos de xardinería e traballos forestais e medioambientais foron executados para a administración pública, abarcando hoxe en día tamén o sector privado.

CRÉASE A Fundación Érguete-Integración (1999) é a promotora da empresa de inserción, sendo o seu obxectivo principal a inserción sociolaboral de colectivos desfavorecidos. A súa actividade, sempre centrada nas accións formativas, creou unha empresa de inserción para darlle continuidade ás devanditas accións.

INTEGRADA As persoas beneficiarias son homes e mulleres en situación de exclusión social ou en risco de estalo que, a través do paso pola empresa de inserción e a formación simultánea, atoparán unha posibilidade de saída á súa situación converténdose en profesionais competitivos e interesantes para calquera empresa convencional.

A media anual de persoas traballadoras na E.I.L. foi de oito persoas, das que o 50% están a seguir o itinerario de inserción.

REPRESENTA unha ferramenta cara á inserción sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.

ESTRUTURA. Hai unha Administradora que se apoia nunha persoa en Dirección-Xerencia, da que dependen un Técnico/a de acompañamento-Inserción (da Entidade promotora) e un Capataz, encargados de supervisar ao persoal de produción (persoas en situación ou risco de exclusión social: 30% mínimo en situación de exclusión ou en risco de estalo, segundo a Lei de ámbito estatal 44/2007, Lei autonómica 10/2013 e Decreto galego 156/2007).

ENFÓCASE a facilitar a inserción sociolaboral de persoas en situación, ou risco, de exclusión social proporcionándolles unha ocupación que lles confira competencias profesionais a través dun itinerario de inserción.

PRIORIDADES A integración socioprofesional de persoas en situación de risco ou exclusión social, excluídas, por tanto, dos circuitos tradicionais de emprego. Proporciónaselles un traballo remunerado ata acadar a preparación necesaria para a súa inserción no mercado ordinario.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Sendo a Fundación Érguete - Integración unha entidade que traballa con persoas desfavorecidas co obxectivo de fomentar a formación profesional, ocupacional e prelaboral, a reeducación, a incorporación social e laboral, a posta en marcha da empresa de inserción foi un paso máis no seu compromiso coas persoas atendidas.



José Antonio Vázquez Freire,
presidente

CEGASAL, Asociación Empresarial
Galega de Centros Especiais
de Empleo sen Ánimo de Lucro

Na Asociación consideramos que non é posible facer sociedade se queda excluída unha parte da mesma, e niso consiste a economía social.

NACE en Galicia no ano 1997, cando aínda non había ningunha organización desde tipo e ten carácter multisectorial, como o amosan as empresas de diferentes sectores que a conforman. No momento da súa creación foron moitos os que pensaron que estabamos tolos por incorporar a denominación de iniciativa social. O tempo deunos a razón.

CRÉASE O seu obxectivo é fomentar o emprego de calidade das persoas con discapacidade e das persoas en situación de risco de exclusión social, así como a súa inclusión posterior na actividade económica, social e empresarial de Galicia. Neste senso, Cegasal actúa coma portavoz dos centros que representa ante administracións, asociacións de empresarios e a sociedade, en xeral.

INTÉGRANA Cegasal está composta na actualidade por vinte e seis centros especiais de emprego de iniciativa social, repartidos pola xeografía galega.

REPRESENTA A centros especiais de emprego sen ánimo de lucro. Para os seus asociados, Cegasal actúa como entidade de referencia, defensa, promoción e representación destas iniciativas empresariais de carácter social. Ao longo do ano, mantemos reunións con administracións, asociacións sectoriais e empresarios para explicarlles o traballo que realizamos e ofrecerlles os nosos servizos e/ou produtos. No noso favor está o feito de que o cumprimento da nova lei de contratación pública pode facerse a través da reserva de carga de traballo aos centros

especiais de emprego de iniciativa social, como son todos os que conforman Cegasal.

ESTRUTÚRASE Actualmente, CEGASAL ten a súa sede en Modesto Brocos, 7, en Santiago de Compostela.

CEGASAL ten unha estrutura similar á de calquera asociación empresarial, pero as persoas integrantes responden á misión da organización.

Está formada polos seguintes órganos:

- **Asemblea Xeral:** integrada por todos os socios da entidade, como máximo órgano de goberno.
- **Xunta Directiva:** encargada da dirección, goberno e administración da organización, está integrada actualmente, polas seguintes persoas:
 - Presidente
 - Vicepresidente
 - Secretario
 - Tesoureiro
 - Catro Vogais

- Órgano de control e supervisión: Contamos cun Órgano de control e supervisión integrado polas principais organizacións sindicais e entidades promotoras dos centros especiais de emprego de iniciativa social que, de modo aberto, participan en aspectos que afecten ás iniciativas de economía social ou ao emprego de persoas con discapacidade.
- Comité executivo: integrado polo presidente, vicepresidente, secretario e tesoureiro.

PROXÉCTASE sobre catorce sectores produtivos, entre eles: artes gráficas, alimentación, medio ambiente, distribución, téxtil, consultoría ou recursos humanos, que dan traballo a ao redor de 1.500 persoas.

PRIORIDADES. Nestes intres, as prioridades da asociación pasan pola creación de centros especiais de emprego no rural e orientados á muller. Se as persoas con discapacidade non teñen fácil atopar un emprego, esta problemática é especialmente perentoria no rural e, sobre todo, se nos referimos ás mulleres. Esta é a nosa materia pendente desde hai varios anos e a loita na que estamos inmersos na actualidade.

Por outra banda, e con motivo da entrada en vigor da nova lei de contratación pública, estamos a manter reunións con administracións locais, rexionais e autonómica para que se cumpra a reserva de carga de traballo para persoas con discapacidade á que obriga a nova norma. Esta lei marca un antes e un despois para as persoas con discapacidade en idade laboral xa que o novo marco regulador establece unha serie de criterios favorables para a promoción do emprego inclusivo e solidario.

É extremadamente preocupante que siga habendo persoas con discapacidade que non busquen un emprego porque pensen que non o van a atopar debido á súa condición. E ao contrario, é dicir, que haxa empresarios que desconfíen á hora de contratar a unha persoa con discapacidade por ideas preconcebidas, que non responden a unha realidade. É o noso labor, e o de todos como sociedade, acabar con eses prexuízos.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque cremos que é posible facer negocio e contribuír á sociedade cunha economía máis xusta e solidaria, que ofrezca as mesmas oportunidades a todas e a todos. É por iso que este ano, Cegasal puxo en marcha a REDE CEGASAL INCLÚE, á que xa se adheriron unha ducia de empresas, coa que se pretende visibilizar as compañías e entidades referentes en Galicia, responsables e comprometidas coa igualdade de oportunidades. Empresas que co seu bo facer contribúen ao cambio social e á participación das persoas con discapacidade no noso territorio.

En Cegasal consideramos que non é posible facer sociedade se se exclúe a unha parte da mesma, e niso consiste a economía social.

Froito desta crenza naceu en 2018 o Foro pola Economía Social Galega, un espazo no que compartimos inquietudes e traballo con outras asociacións e cooperativas que defenden, como nós, outro modelo de negocio. A intercooperación entre as diferentes organizacións que conforman o Foro é fundamental para seguir medrando.





Manuel Santos Lamas,
Xerente.

HORNOS LAMASTELLE S.A.

Os valores son o punto de partida, os medios e o fin último da nosa actividade diaria. As persoas, o noso motor principal, están no centro da nosa actividade.

NACE EN en 1991 con dez persoas fabricando repostería e empanada do día. A partir de 1998 pasa a formar parte da rede de centros especiais de emprego de iniciativa social da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), evolucionando da distribución local en A Coruña ata chegar a mercados nacionais e internacionais con produtos tradicionais pero adaptados ás novas vangardas.

CRÉASE para combater a discriminación laboral e xerar oportunidades de emprego e inclusión social para as persoas con discapacidade. Logrou multiplicar por oito o número de persoas traballadoras, sendo un 50% persoas con gran discapacidade.

INTEGRADA en Galega de Economía Social, matriz do grupo de empresas de economía social promovido por COGAMI, que xestiona once centros especiais de emprego de iniciativa social.

REPRESENTA A máis de 80 traballadoras e traballadores, o 95% con discapacidade.

ESTRUTURA. Conta cunhas instalacións de 2.000 metros cadrados en Montrove (Oleiros - A Coruña), con tres obradoiros que simultanean a elaboración manual de produtos artesáns, a automatizada de produtos de vangarda e a elaboración de repostería e Tarta de Santiago con Indicación Xeográfica Protexida.

Tamén conta cun punto de venda ao público sito no número 124 da Avenida Juan Flórez de A Coruña.

ENFÓCASE cara a continua innovación do proceso produtivo, mellorando a calidade dos produtos sen esquecer as necesidades e satisfacción dos clientes.

Dende 2005 os Sistemas de Xestión de Calidade baséanse na norma internacional ISO 9001:2015, e para o produto Tarta de Santiago, na Indicación Xeográfica Protexida dende 2010.

PRIORIDADES. A inclusión laboral e social e xerar oportunidades para as persoas con discapacidade ao igual que o resto de empresas que forman parte de Galega de Economía Social (GES). As persoas traballadoras son un pilar fundamental.

En consonancia cos nosos valores e compromiso, ofrecemos emprego estable a persoas con discapacidade como vía para a inclusión e a igualdade social.

Apostamos pola expansión e o crecemento, integrando as innovacións gastronómicas nos produtos galegos máis tradicionais, o que nos permitiu acceder e adaptarnos a mercados nacionais e internacionais de alta rotación e tamén a puntos de venda máis selectos e exclusivos.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque o ADN da economía social: os valores son o punto de partida, os medios e o fin último da nosa actividade diaria. As persoas, o noso motor principal, están no centro da nosa actividade.

É determinante que a sociedade tome conciencia da necesidade de incluír a todas as persoas, sen distincións nin discriminacións, posibilitando que as persoas con discapacidade participen socialmente en igualdade de oportunidades.

Trameve



Luis Penido López,
xerente

TRAMEVE
S. Coop. Galega



A sociedade debe tomar conciencia da necesidade de incluír a todas as persoas, sen distincións nin discriminacións, posibilitando que as persoas con discapacidade participen socialmente en igualdade de oportunidades.

NACE EN 2000 como unha iniciativa empresarial promovida por COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade) para xerar oportunidades de emprego ás persoas con discapacidade. É un centro especial de emprego de iniciativa social formado por profesionais especializados no tratamento ecolóxico de vehículos na fin da súa vida útil.

CRÉASE a raíz do proxecto europeo Horizon a finais dos anos 90, formando a varias persoas con discapacidade no ámbito do tratamento medioambiental de vehículos.

INTEGRADA en Galega de Economía Social, matriz do grupo de empresas de economía social promovido por COGAMI, que xestiona 11 centros especiais de emprego de iniciativa social.

REPRESENTA A un cadro de persoal de 15 integrantes, 13 con discapacidade. Outros nove fóronse incorporando ao mercado laboral ordinario: en concesionarios, empresas de recambios e talleres.

ESTRUTURA. Conta cunhas instalacións de 14.400 m² no Polígono Industrial do Tambre, en Santiago de Compostela.

Certificada (ISO 9001 e 14001), desenvolve xornadas formativas para persoas empregadas doutros C.A.T. (Centros Autorizados de Tratamento de Vehículos) para inspectores medioambientais e formadores doutros países.

ENFÓCASE a reducir o impacto ambiental do vehículo que queda fóra de uso: por sinistro ou por fin da vida útil.

En canto chega a un C.A.T. o vehículo descontámase: retíranse líquidos, gases e compoñentes catalogados como perigosos; almacénanse temporalmente en recipientes específicos ata que van ao depósito definitivo, cando se envían a xestores autorizados.

PRIORIDADES. Xeramos oportunidades laborais para as persoas con discapacidade. Cada profesional traballa no que lle permite potenciar as súas capacidades, recibindo formación e desenvolvendo habilidades que posibiliten a inclusión no mercado laboral ordinario.


Obtivemos unha mención nos Premios RSE Galicia 2016 polo compromiso ambiental que —dentro da Responsabilidade Social—, ademais do compromiso coas persoas, é o aspecto máis definitorio da entidade.

Colaboramos con outras organizacións, universidades, tecido empresarial etc.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Os valores son o punto de partida e fin último da nosa actividade diaria. As persoas, o noso motor principal, están no centro da nosa actividade.

Visibilizar a economía social é determinante porque incide directamente na calidade de vida das persoas, xera emprego estable, cohesión social, desenvolvemento sustentable económica e medioambientalmente, igualdade de oportunidades etc.



Aesgal

AGRUPACIÓN EMPRESARIAL
DE SOCIEDADES LABORAIS
DE GALICIA

Eduardo J. Salido Blanco,
presidente

AESGAL, Agrupación Empresarial
de Sociedades Laborais de Galicia

Nas sociedades laborais galegas representadas priman as persoas e o fin social sobre o capital, aplícanse os resultados da actividade económica ao desenvolvemento sustentable, ao interese das persoas socias-traballadoras e ao interese xeral e hai un compromiso co territorio e co desenvolvemento local, coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, coa xeración de emprego estable e de calidade e coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

NACE o 7 de xullo de 2009 na cidade de Santiago de Compostela.

CRÉASE pola convicción dun grupo de socios-traballadores/as de COMACO LEMOS S.L.L.; GRUPO INMOB. ARQUITECHNIC S.L.L.; IPESMAR S.L.L.; KARMA VIAXES S.A.L.; KRUG NAVAL S.A.L. e TORSOLCAL S.L.L., de que era necesario asociarse para tentar -con unión e coordinación-, obter os máximos beneficios orientados á forma xurídica de sociedade laboral, representar ás sociedades laborais galegas e ás empresas cuxa organización e propiedade se basean en principios de autoxestión e coxestión, polos cales as súas persoas empregadas e traballadoras participan efectivamente na súa propiedade e xestión, e defender os intereses destas e dos seus socios-traballadores/as e dos emprendedores/as ante as administracións públicas.

INTÉGRANA 25 entidades. AESGAL é unha organización que representa ás sociedades laborais galegas, que reúne a máis de 1.600 entidades entre sociedades anónimas laborais e sociedades limitadas laborais.

REPRESENTA ás sociedades laborais galegas e aquelas empresas nas que os seus traballadores/as e empregados/as participan efectivamente na súa propiedade e xestión.

Ás persoas socias-traballadoras das sociedades laborais galegas.

Aos emprendedores e emprendedoras colectivos que adopten a forma xurídica de sociedade laboral.

ESTRUTÚRASE en dous órganos:

A asemblea, que é o máximo órgano de decisión e deliberación, do cal forman parte todos os socios e socias da agrupación segundo a representación establecida nos estatutos sociais.

A comisión executiva, que é o órgano de dirección e representación da agrupación, formada na actualidade por un presidente, unha vicepresidenta e un secretario/tesoureiro.



Salvo algúns asuntos fixados nos estatutos que requiren unha maioría reforzada da asemblea, os acordos de ambos os dous órganos adóptanse por maioría simple.

PROXÉCTASE como unha agrupación intersectorial e transversal no ámbito da economía social galega.

PRIORIDADES. AESGAL é unha organización empresarial multisectorial no ámbito da economía social cuxa misión é a defensa, promoción, consolidación e representación das sociedades laborais. Para iso presta servizos que dean resposta ás necesidades e expectativas dos seus grupos de interese, actuando de maneira socialmente responsable.

Os seus obxectivos inclúen visibilizar a forma xurídica en Galicia, promover a ampliación de liñas de axuda específicas para as sociedades laborais, así como dar a coñecer as existentes e colaborar no impulso de cantas melloras legislativas ou económicas se expoñan para o aumento da competitividade das sociedades laborais e a súa consolidación.

Tamén traballa para promover a competitividade, profesionalidade, crecemento e consolidación das sociedades laborais existentes e fomentar a constitución de sociedades laborais entre as persoas emprendedoras e axudarlles no proceso.

Como obxectivos transversais, destacan o fomento da igualdade de oportunidades, o uso das novas tecnoloxías e a responsabilidade social empresarial.

AESGAL forma parte do Foro pola Economía Social Galega e do Consello de Economía Social.

As sociedades laborais asociadas a AESGAL dan traballo a case 300 persoas e suman un volume de facturación de arredor de 21,8 millóns de euros.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

As sociedades laborais galegas que representa AESGAL son entidades de economía social, que como o resto de entidades que conforman a economía social galega, inspíranse, entre outros, polos valores de responsabilidade social, democracia, igualdade, solidariedade e preocupación polas persoas. Por iso:

- Priman as persoas e o fin social sobre o capital.
- Os resultados da actividade económica aplícanse ao fin social da entidade, ao desenvolvemento sustentable, ao interese das persoas socias-traballadoras e ao interese xeral.
- Hai un compromiso co territorio e co desenvolvemento local, coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, coa xeración de emprego estable e de calidade e coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral.



FACENDO EMPRESA
SOCIEDADES LABORAIS
DE GALICIA



Animosa®

ALMA Y CORAJE

Mónica Conde, CEO

ANIMOSA S.L.L.

Somos unha empresa moi horizontal. A nosa meirande fortaleza é a facilidade que temos para adaptarnos aos trocos e o sistema de organización das tarefas que están moi medidas.

NACE en Vigo, en xuño de 2015.

CRÉASE por un cóctel de varias razóns:

A idea de negocio xurde froito dun acontecemento familiar: o nacemento da miña sobriña e a motivación de que ela medre apoderada, que teña mulleres referentes a quen querer imitar e que xorde a ser quen queira sen ningún tipo de límites.

A segunda razón foi atender a un impulso interior que me levaba a querer emprender, a crear unha empresa aliñada coas miñas conviccións e apostar pola xeración da riqueza no noso contorno.

INTEGRANA 9 persoas, que traballamos con horarios moi "hippies". Somos un equipo moi diverso, onde todas estamos especializadas nos nosos departamentos, aínda que non nos queda máis remedio que ser multifuncionais e ser mulleres orquestra para que o negocio sexa viable.

ESTRUTURA. Somos unha empresa moi horizontal. A nosa meirande fortaleza é a facilidade que temos para adaptarnos aos trocos e o sistema de organización das tarefas, que están moi medidas.

A CEO é a que coordina ós distintos departamentos. Temos unha concentración anual de tres días nunha casa rural e nun ámbito tranquilo onde decidimos a estratexia do seguinte ano.

Animosa é unha empresa moi dixital, e estamos investindo constantemente en sistemas que melloran a nosa competitividade.

ENFÓCASE a dous ámbitos de negocio:

O primeiro é a moda. Dirixímonos a tendas de perfil medio ou medio-alto onde lles vendemos as nosas coleccións por campaña, é dicir, con seis meses de antelación aproximadamente.

O segundo son librerías ou papelerías bonitas, onde lles ofrecemos as nosas coleccións tres veces ao ano.

PRIORIDADES. Agora mesmo a nosa prioridade é aumentar a facturación a través de varias vías:

A apertura de grandes contas como El Corte Inglés ou a cooperativa Abacus de Cataluña, o aumento do ticket medio das nosas clientas-tenda, coa oferta de novas gama de produtos, e ampliar as nosas zonas de traballo en comunidades autónomas onde aínda non temos presenza.

O ano 2018 facturamos en torno aos 400.000 €. Isto non nos permite ter salarios axeitados aos postos que estamos a desenvolver. Precisamos neste 2019 mellorar as condicións económicas de tódalas traballadoras de Animosa e crear neste ano tamén catro novos postos de traballo.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque a economía social permítenos un xeito de traballo máis colaborativo e ilusionante. Queremos xerar riqueza no noso contorno e sempre buscamos provedoras o máis preto posible (cousa que cada día nos custa máis).



Tomi Legido,
director de proxectos culturais

10D10 SOLUCIÓN ACERTADAS, SLL



Seleccionamos os proxectos nos que participamos baseándonos en factores como o impacto social que poden xerar, o apoio á creación e ao talento de artistas galegos e de fóra que desexan actuar en Galicia, entre outros.

NACE na cidade de A Coruña, en outubro de 1999.

CRÉASE porque entendemos que a xestión cultural era un sector cunha ampla posibilidade de crecemento; ademais, o campo de experiencia dos fundadores da empresa abranguía todos os aspectos que consideramos necesarios para cubrir as necesidades do xiro mercantil, co que pensamos que o emprendemento colectivo era unha boa opción de empregabilidade.

INTÉGRANA dous socios traballadores e un socio de clase xeral.

ESTRUTÚRASE. Dadas as dimensións da empresa non temos unha estrutura orgánica. Digamos que os dous socios traballadores afrontamos de xeito coordinado o traballo que nos encargan ou os propios proxectos que xeramos, para os que contamos con múltiples colaboracións que fan posible que se leven a cabo os mesmos. As relacións persoais con outras entidades do sector son fundamentais.

PROXÉCTASE no ámbito de traballo da xestión cultural, do *management* de artistas e das actividades formativas, así como a organización de eventos e elaboración de estudos sobre o sector cultural no que levamos a traballar estes case vinte anos. Na actualidade xestionamos a programación da Sala Mardi Gras con máis de 170 eventos en vivo cada ano, o Festival Metropolitano pola Igualdade Elas Son Artistas

e levamos a xestión administrativa da asociación cultural CUAC, por citar tres exemplos.

PRIORIDADES. Ante todo, seleccionamos os proxectos nos que participamos baseándonos en factores como o impacto social que poden xerar, o apoio á creación e ao talento de artistas galegos e de fóra que desexan actuar en Galicia, entre outros. As persoas e institucións que nos propoñen os traballos son importantes para nós, xa que o noso día a día depende en gran parte da colaboración con elas. A facturación da empresa é variable en función dos proxectos que logremos confirmar, roldando os 100.000 euros nos últimos anos. Cabe destacar que tratamos de crear emprego de calidade aínda que polas características dos proxectos, os contratos que facemos son case sempre de curta duración.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

A economía social foi a opción escollida porque era o salto natural dende o asociacionismo, do que proviñamos. En segundo lugar, porque o proxecto non buscaba obter grandes beneficios empresariais, senón un medio de vida, e facelo respectando unha escala de valores máis orientados á cooperación que á competencia.



José Manuel Andrade Calvo,
director

Fundación Juana de Vega

Priorizamos a promoción agroalimentaria, a investigación da riqueza biolóxica de interese agrario de Galicia e a colaboración na xestión e conservación da paisaxe e do territorio.

NACE en 1872 na Coruña por vontade testamentaria de D^a Juana de Vega, Condesa de Espoz e Mina, muller ilustrada, liberal e comprometida cos máis desfavorecidos. A súa sede social está na que foi a súa casa de verán no Concello de Oleiros, provincia da Coruña.

CRÉASE por iniciativa de D^a Juana de Vega. Ela deixou todo o seu patrimonio para constituír esta Fundación co fin de crear unha escola teórico práctica de agricultura con incidencia en toda Galicia.

INTEGRADA O Padroado é o seu máximo órgano de goberno e representación. Está composto por un máximo de nove e un mínimo de seis persoas físicas, nomeadas con carácter vitalicio e vinculadas maioritariamente ao mundo empresarial e financeiro, aínda que ultimamente tense aberto ao mundo da cultura e da investigación.

REPRESENTA os desexos de D^a Juana de Vega por promover a mellora da calidade de vida da sociedade rural galega e dos sectores agroalimentario e forestal de Galicia sendo unha entidade privada non lucrativa.

ESTRUTURA Conta cunha dirección, un equipo técnico de especialistas e cun amplo grupo de colaboradores externos nas áreas de paisaxe e territorio. Dependendo do Consello Reitor e da Asemblea xeral está a Xerencia e supeditados a esta, os departamentos de administración, produción, enoloxía, comercial, comunicación e enoturismo.

ENFÓCASE no desenvolvemento rural; na promoción agroalimentaria, a investigación e a liña de paisaxe e territorio.

Procuramos mellorar a competitividade nos sectores agroalimentario e forestal con formación, divulgación, transferencia de coñecemento e apoio ao emprendemento. En sete anos, apoiamos 70 iniciativas empresariais. Traballamos na investigación da propiedade da terra, no fomento da mobilidade e o uso produtivo do territorio evitando o abandono. Impulsamos o Observatorio de Mobilidade de Terras de Galicia.

A investigación derivou nunha especialización na recuperación da riqueza biolóxica de interese agrario. Financiamos integramente un proxecto que desenvolve a Misión Biolóxica de Galicia-CSIC para a recuperación de oliveiras autóctonas e outro, coa Consellería do Medio Rural e os seus centros de investigación, para a recuperación de 86 variedades autóctonas. Tamén traballamos na innovación no sector vitivinícola, no estudo do impacto económico e social da enerxía eólica no rural galego etc.

En 2008 creamos a Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega como órgano interno sen personalidade xurídica propia.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Orientarse a desenvolver a sociedade rural galega colaborando con entidades públicas e privadas e aproveitar os recursos do territorio a nivel produtivo, patrimonial, cultural e paisaxístico. Temos traballado cos sectores leiteiro, vitivinícola ou forestal, que contribúen á creación de emprego e ao desenvolvemento sustentable do territorio rural.



José Díaz Dopico,
presidente

Fundación “Terra de Trasancos-
Cooperativa do Val”



Para a Fundación, a prioridade fundamental son ás persoas e en especial ás persoas socias da cooperativa.

NACE en O Val (Narón) no ano 1992 baixo o seo da Cooperativa do Val, aínda que non é ata o ano 2001 cando comeza o seu camiño.

CRÉASE por iniciativa dun grupo de persoas socias da cooperativa, entre as cales se atopaban socios fundadores da propia entidade cooperativista que naqueles tempos formaban parte do Consello Reitor.

INTÉGRANA un Padroado composto por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario e cinco vogais.

REPRESENTA a unha entidade que nace gracias á Cooperativa do Val e que canaliza toda a súa obra social servindo de escaparate publicitario da propia cooperativa.

ESTRUTÚRASE en diversas liñas de actuación como: Impulso e desenvolvemento do cooperativismo, atención, formación, orientación e promoción da autonomía, envellecemento e calquera tipo de discapacidade, promoción da inserción socio-laboral, promoción do autoemprego e emprendemento, axuda á familia e cooperación co desenvolvemento, contribución ao benestar psicofísico e social das vítimas de violencia de xénero, promoción e realización de actividades de interese educativo,

cultural, científico e de investigación, deportivo, sanitario, promoción e difusión da nosa cultura, tradicións e lingua.

PROXÉCTASE como un espazo aberto, cunha vocación interdisciplinar e pluridimensional dinamizando o seu tecido social e institucional e promovendo unha cultura participativa e solidaria.

PRIORIDADES. Para a Fundación, a prioridade fundamental son ás persoas e, en especial, ás persoas socias da cooperativa. Por medio de diversas actividades e programas formativos, preténdese conseguir un aumento da calidade de vida, fomento da autonomía persoal, promoción da socialización e convivencia e fomentar a cultura e o cooperativismo, entre outras.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

É economía social porque as actividades da Fundación están enmarcadas nunha serie de principios que perseguen o interese xeral, económico, social ou todos xuntos, a primacía das persoas e do fin social sobre o capital e a solidariedade interna.



FEDERACIÓN GALEGA CONFRARÍAS DE PESCADORES

José Antonio Pérez Sieira,
presidente

Federación Galega de Confrarías
de Pescadores

A primacía das persoas e do fin social sobre o capital, a aplicación dos resultados obtidos da actividade económica ao fin social da entidade e a promoción da solidariedade interna e coa sociedade son a esencia das confrarías. De aí a súa plena cohesión coa economía social.

NACE en 2004.

CRÉASE por iniciativa das Federacións provinciais de Confrarías de A Coruña, Pontevedra e Lugo.

INTÉGRANA as 63 confrarías de pescadores e as súas federacións provinciais.

REPRESENTA a aproximadamente 12.500 persoas asociadas ás confrarías de pescadores (colectivos profesionais dende marisqueo a pesca).

ESTRUTURA. Os órganos de goberno son a Xunta Xeral, o Comité Executivo e o Presidente. A primeira está constituída por todos os patróns/as maiores de Galicia e os vicepatróns/as maiores primeiros/as de todas as confrarías galegas. O Comité Executivo intégrano 12 vogais, catro por cada federación provincial.

PROXÉCTASE, entre outros, con fins como a canalización de proxectos e accións institucionais, a mellora de condicións de traballo, a participación en tarefas comunitarias, a modernización do proceso comercial, o desenvolvemento da acuicultura e a potenciación dos recursos marisqueiros, de asesoramento (a Federacións provinciais) ou o préstamo de avais para financiamento de actividades.

PRIORIDADES A representación, defensa e promoción do sector; a xestión e coordinación dos intereses comúns das Federacións Provinciais ou a colaboración no estudo e solución de posibles problemas de carácter socio-económico; a conciliación en conflitos suscitados entre diversas Confrarías e a promoción de cooperativas, fundacións ou outros organismos de investigación, formación cultural, moral ou profesional, previsión e auxilio, entre outras.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Somos corporacións de dereito público sectoriais, sen ánimo de lucro, representativas dos intereses económicos de armadores de buques de pesca e de traballadores/as do sector extractivo. Actuamos como órganos de consulta e colaboración coas administracións en materia de pesca marítima e de ordenación do sector pesqueiro contribuíndo ao desenvolvemento local, á cohesión social e á sustentabilidade.

Os principios que orientan á Economía Social: a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, a aplicación dos resultados obtidos da actividade económica ao fin social da entidade, a promoción da solidariedade interna e coa sociedade etc. son a esencia das confrarías. De aí a súa plena cohesión coa economía social.



Santiago Cruz Martínez,
presidente

Confraría de Pescadores de Noia



As confrarías son “espontáneas” organizacións, xurídico-laborais que responden a unha realidade relacionada coa actividade rendida no mar, sen que a transformación social lles afectara nin puideran quedar relegadas á consideración de meras “reliquias” do pasado.

NACE Non existe unha data exacta da creación, aínda que si existen documentos (actas) que datan dos anos 50. Collemos esta data como referencia.

CRÉASE co obxectivo de representar os intereses das súas persoas asociadas e de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en materia de pesca e marisqueo, colaborar como órgano de consulta da administración, xestionar as áreas da zona marítimo e marítimo-terrestre confiadas en réxime de autorización administrativa etc.

Nace cos mesmos fins que o resto de entidades desta índole. Son remotos antecedentes históricos que evidencian esta clase de “espontáneas” organizacións, xurídico-laborais que responden a unha realidade relacionada coa actividade rendida no mar, sen que a transformación social lles afectara nin puideran quedar relegadas á consideración de meras “reliquias” do pasado. Xorden por iniciativa dos grupos de pescadores chamándose nun inicio Gremios de Mareantes, seguindo con definicións de Pósitos de pescadores, Sociedades de Socorro etc. e tantas organizacións tiveron como fin a defensa e axuda dos pescadores dende a súa creación.

INTÉGRANA 1.461 persoas socias entre armadores, tripulantes de embarcacións e mariscadoras a pé.

REPRESENTA os seus intereses económicos e corporativos. Poden desenvolver actividades propias da organización

e comercialización da produción no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura.

ESTRUTÚRASE arredor dun presidente denominado Patrón Maior (elixido de entre os membros da Xunta Xeral) seguido do Cabido, Xunta Xeral e Asemblea Xeral. Os órganos de goberno están compostos de xeito proporcional, entre empresarios/as, traballadores/as e mariscadores/as a pé tendo en conta sempre todos os sectores produtivos integrados.

PRIORIDADES. Principalmente, avanzar cara a un sistema de explotación e xestión dos bancos marisqueiros sustentable en todo os ámbitos (produtivo, económico, social e ambiental). Tamén se permite que embarcacións e mariscadoras de comunidades veciñas (Muros, Porto do Son e Portosín) poidan acceder aos bancos marisqueiros mediante convenios que se renovan anualmente. No entanto, a entidade adquire un maior compromiso no ámbito da economía social tratando en todo momento de beneficiar ao máximo de produtores posibles da zona de influencia. A redistribución equitativa de ingresos é un dos principais obxectivos da entidade.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Non ten ánimo de lucro e os recursos económicos que se xeran son revertidos aos socios e socias en forma de servizos. Perséguese o interese colectivo fronte particular das súas persoas socias.



Guillermo Novo Gasalla,
presidente

COMUNIDADE DE MONTES
DE VILAPENA

Unha comunidade de montes enfócase á procura de rendemento dos montes que temos entre todos para ser investidos novamente na actividade forestal e tamén, en melloras do noso pobo.

NACE EN Vilapena, en Trabada (Lugo), a principios dos anos 80 a raíz da reordenación de terreos iniciada pola Xunta.

CRÉASE por iniciativa dos veciños do pobo de Vilapena, daquela serían arredor de 25 a 30 persoas, que se fan cargo do monte comunal, que non é outra cousa que unha extensión de monte que non ten propietario ou propietaria individual.

INTEGRADA polos veciños do pobo, hai un titular por vivenda. Actualmente somos preto de vinte persoas.

REPRESENTA a veciños/as comuneiros/as que viven no pobo. É obrigatorio residir aquí. Podes ser membro da directiva e participar nas decisións que se tomen, tendo en conta que a metade dos beneficios que se obteñen sempre terán que destinarse ao monte e a outra parte, ao ben común.

ESTRUTURA. Desenvolvemos unha Asemblea anual na que tratamos diversos temas que nos afectan e cada catro anos hai eleccións para elixir unha nova directiva.

O órgano de dirección está integrado por sete persoas: un/a presidente, un/a secretario/a, un/a tesoureiro/a e os/as vogais. Escólllese a través de votación libre e segreda: cada persoa comuneira ten un voto e, iso si, só pode votar unha por cada casa do pobo. Unha vez consultadas as papeletas depositadas, as persoas que máis votos recibiron en total son designadas como os membros da nova Xunta Directiva.

ENFÓCASE claramente na busca de rendemento do monte común co fin de obter cartos para investir no pobo.

PRIORIDADES As nosas prioridades son coidar o monte, sacarlle beneficios e investir os cartos no pobo. Algúns exemplos de melloras desenvolvidas nestes anos son: arranxos no cemiterio, a creación dun espazo para depositar a madeira cando a cortan, melloras no campo da festa, a celebración da propia festa cada ano... Son algúns exemplos de accións ás que lle temos dedicado os cartos provenientes da explotación dos montes comunais.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque na xestión participan todas as persoas comuneiras que son os quen toman as decisións e porque se busca sempre beneficiar a xente que vive no pobo con obras, melloras, xuntanzas...



José Antonio Paredes González,
presidente

San Antonio, SAT



Do beneficio obtido da actividade, todos os socios recibimos, de xeito igualitario, a mesma nómina e investimos en melloras para a sociedade e o medio rural.

NACE EN Vilar de Donas no ano 2000 (Palas de Rei-Lugo).

CRÉASE por iniciativa de cinco veciños e amigos, titulares e traballadores doutras tantas explotacións. Ata o momento da creación, cada un de nós dispoñíamos individualmente dunha explotación agraria, pero para poder optimizar recursos humanos e económicos e, en definitiva, poder mellorar a competitividade pensamos en crear esta sociedade.

INTEGRADA POR Jaime, José Antonio, Antonio, Suso e eu. Actualmente contratamos unha sexta persoa formando parte do equipo: Adrián. Contratámolo como traballador debido a que tamén ten inqedanzas para formar parte da sociedade e porque a demanda de traballo nos esixía contar con outra persoa.

REPRESENTA Nós representamos ao colectivo de Sociedades Agrarias de Transformación, que son sociedades civís, de finalidade económica-social, posto que o noso principal obxectivo non é unicamente obter o máximo lucro posible, senón que pasa tamén pola produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas e gandeiros.

ESTRUTURA. A nosa estrutura como sociedade consta dunha Asemblea Xeral (órgano supremo de expresión da vontade dos socios, constituída por todos nós: os cinco socios) e dun Presidente, que tras a xubilación de Jaime, son eu: José Antonio Paredes (órgano unipersonal coas facultades estatutarias que incluírán necesariamente a representación da S.A.T.).

Para a toma de decisións reunímonos o equipo e interactuamos entre nós buscando un consenso que nos permita alcanzar as metas que temos en común.

ENFÓCASE A SAT nace co fin de mellorar as nosas condicións de traballo e dispoñer de máis tempo libre. Actualmente traballamos algo máis de oito horas ao día.

O esquema laboral que seguimos é de 15 días de traballo seguido, despois descansamos unha fin de semana, volvemos traballar outros 15 días e descansamos unha semana. Así todo o ano.

Contamos con tres naves, unha delas para recría. Temos máis de 500 vacas que producen unha media de dous millóns de litros ao ano. Hoxe por hoxe as instalacións xa están completas e témolo difícil para ampliar a base territorial.

PRIORIDADES Do beneficio obtido da actividade, todos os socios recibimos, de xeito igualitario, a mesma nómina e investimos en melloras para a sociedade e o medio rural, como por exemplo: maquinaria, ampliacións das instalacións, coitados do gando, calidade do leite, compromiso co medioambiente etc.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Somos parte da cadea do sector primario e primamos manter a calidade de vida sobre a acumulación do capital. É fundamental vivir dignamente.



Carlos Dablanca Quinteiro,
presidente

San Miguel, SAT

Somos economía social porque contribuímos a xerar emprego, coidamos o contorno e axudamos a manter e fixar xente no rural.

NACE EN 1988, Berbetouros, Palas de Rei (Lugo).

CRÉASE co fin poder ser máis competitivos mellorando en calidade de vida. Xa no seu día, os nosos pais quixeran fundar unha SAT, de feito, os estatutos estaban preparados, pero non saíu adiante. Nós somos cinco veciños, fómolos facendo, vimos que tiñamos posibilidade de facelo e queriamos mellorar as nosas condicións.

INTEGRADA por cinco granxas que nos fusionamos. Na actualidade integrámola cinco socios e temos contratados a dous traballadores.

REPRESENTA Neste caso pertencemos ao colectivo produtores de leite.

ESTRUTURA. A composición é: Presidente, Secretario, Vogais e Tesoureiro.

ENFÓCASE A actividade que desenvolvemos está orientada integramente a ser competitivos mantendo unha boa calidade de vida. Poderíamos ampliar a tres quendas de mudura pero non nos interesa, perderíamos tempo de estar coas nosas familias e isto é fundamental para nós.

O traballo témolo repartido entre todos os socios e traballadores, estando cada un especializado en tarefas concretas. Traballamos unha media de 10 horas diarias e libramos dous días á semana; no Nadal xuntamos estes dous días con outros tres e gozamos de cinco días seguidos cada un, ade-

mais temos un mes de vacacións, divididos en dous tramos de 15 días cada un.

No relativo aos custos de produción asesorámonos a través dunha Axe contratada a unha cooperativa.

PRIORIDADES A nosa prioridade sempre foi ter tempo libre. Agora estamos estudando acondicionar os espazos que temos para que os animais estean mellor e produzan máis. Non nos interesa gañar máis cartos se temos que sacrificar tempo de estar coas nosas familias.

Adquirimos algunha finca e agora temos dúas hectáreas de terreo. Xuntamos as cinco explotacións e levantamos unha granxa central onde temos unha media de 450 vacas que dan máis de 2,5 millóns de litros de leite ao ano. Fixemos tamén outra nave destinada á recría. Facturamos máis dun millón de euros ao ano.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Contribuímos a xerar emprego no rural, coidamos o contorno e axudamos a manter e fixar xente no rural.



Alejandro Quiñoá Casteleiro,
presidente

María Paz Gutiérrez,
secretaria da Xunta Directiva

Gonzalo Gesto,
cooperativa Panxea

COORDINADORA GALEGA DE ONG
para o Desenvolvemento



Intentamos enfrentar a realidade económica actual con iniciativas de sensibilización, formacións e propostas de consumo responsable e sustentable para ofrecer unha alternativa ao comercio actual.

NACE en xuño de 1991 da man de dúas organizacións xa desaparecidas: Comisión Galega pro-Amazonia e Estudiantes Solidarios.

CRÉASE como unha plataforma social e política de ONG (Organizacións Non Gubernamentais) de Desenvolvemento, co obxecto de consolidar unha política pública e social de Cooperación de calidade, eficiente, sustentable e transformadora; fortalecer as capacidades internas das propias organizacións e sensibilizar sobre a importancia da cooperación internacional á cidadanía en xeral.

INTEGRADA por 46 ONGD (Organizacións non Gubernamentais para o Desenvolvemento) asociadas de carácter heteroxéneo, a maioría ONGD galegas e delegacións de organizacións estatais e internacionais. A Coordinadora Galega de ONGD é unha plataforma social e política de ONG de Desenvolvemento comprometidas coa consecución da xustiza social e o fin das desigualdades globais que traballan dende Galicia para construír un modelo de cooperación transformadora baseado no desenvolvemento sustentable e no enfoque feminista e de dereitos humanos.

REPRESENTA ás entidades socias que traballan activamente pola promoción e garantía dos dereitos sociais, políticos, civís, económicos e culturais de todas as persoas a nivel global. Queremos ser unha organización formada pola gran maioría das Organizacións da Sociedade Civil que desde

Galicia traballan activamente pola promoción e garantía dos dereitos sociais, políticos, civís, económicos e culturais de todas as persoas a nivel global. E confiamos na consolidación dunha Política Pública e Social de Cooperación de calidade, eficiente, sustentable e transformadora no marco da coherencia de políticas.

ESTRUTÚRASE mediante: Asemblea de organizacións socias (como órgano soberano), Xunta Directiva, Comisións de traballos, Grupos territoriais e Secretaría técnica.

Grupos de Traballo:

- Comisións: oriéntanse á incidencia política, educación para o desenvolvemento, normativa e transparencia.
- Grupos territoriais: Lugo, Norte (A Coruña) e Sur (Vigo).
- Outras comisións non activas son as de Xénero e de Comercio Xusto, a primeira comisión orientada aos principios da economía social.

ENFÓCASE a nivel autonómico, mediante as ONGD socias e a nivel estatal mediante a Coordinadora ONGD –España (dende 2002 e dende 2014 formamos parte do HYPERLINK "<https://coordinadoraongd.org/pagina-de-inicio/la-coordinadora/equipo-de-gobierno/>" Equipo de Goberno ocupando a Vicepresidencia Segunda). Tamén participación noutros

espazos como Fiare Banca Ética e Futuro en Común.

PRIORIDADES Tendo en conta o Plan estratéxico 2017-2020:

- Promover a incidencia na mellora da Política Pública e Social de Cooperación ao Desenvolvemento e a Coherencia de Políticas das administracións galegas como garantes dos Dereitos Humanos e do desenvolvemento humano sustentable.
- Promover a Educación para a Cidadanía Global.
- Impulsar a Comunicación para o Desenvolvemento como ferramenta imprescindible para a transformación social.
- Aumentar a lexitimidade da Coordinadora como representante do sector das ONGD en Galicia.
- Fortalecer a estrutura organizativa da Coordinadora.

POR QUE É ECONOMÍA SOCIAL?

Porque entendemos que o modelo económico actual non está ao servizo das persoas e ten efectos perversos nelas e no medio. No noso traballo, centrámonos nos efectos máis duros deste modelo económico nos países empobrecidos e apelamos á nosa corresponsabilidade tanto na existencia destas desigualdades como na capacidade de acabar con elas.

Intentamos enfrontar estas realidades con iniciativas de denuncia, de sensibilización, e de formación e con propostas de produción e distribución sustentables, así como de consumo responsable e sustentable para ofrecer unha alternativa ao modelo económico (comercio) actual.







